

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE DO 26 DE XUÑO DE 2020

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás 10.00 horas do día 26 de xuño de 2020, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión ordinaria, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. José Manuel Baltar Blanco

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D. Plácido Álvarez Dobaño

D. Jorge Pumar Tesouro

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D.^a Luz Doporto Real

D. Álvaro José Fernández López

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D. César Manuel Fernández Gil

D. Pablo Pérez Pérez

D.^a Ana María Villarino Pardo

D.^a Consuelo Vispo Seara

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Rafael Rodríguez Villarino

D. José Ignacio Gómez Pérez

D. Diego Fernández Nogueira

D.^a Margarita Pérez Fernández

D. Álvaro Vila Araújo

D. Aurentino Alonso Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

Deputados de Democracia Ourensana:

D. José Miguel Caride Domínguez

D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía:

D.^a Montserrat Lama Novoa

Secretario: D. Francisco Cacharro Gosende

Interventora: D.^a Mónica Legaspi Díaz

Non asiste dona Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista.

Ao remate do tratamento do punto 6º da orde do día suspendeuse a realización do pleno, a pedimento da portavoz do Grupos de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía, continuándose a partir das 12 horas e 5 minutos

Aberta a sesión, o Sr. Presidente anuncia que ao rematar o debate e votación do punto 6º da orde do día, e a pedimento da deputada provincial dona Montserrat Lama Novoa, farase un receso duns dez minutos, tralo que se continuará a sesión.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente que está dispoñible integramente no canal de vídeo mediateca streaming, no seguinte enlace:

<http://depourense.seneca.tv/library/items/pleno-ordinario-junio-2020-06-26>

1º.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES, CORRESPONDENTES Á ORDINARIA DO 28 DE FEBREIRO DE 2020, EXTRAORDINARIA DO 29 DE ABRIL DE 2020 E ORDINARIA DO 29 DE MAIO DE 2020.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado dos borradores das actas anteriores, correspondentes á ordinaria do 28 de febreiro de 2020, extraordinaria do 29 de abril de 2020 e ordinaria do 29 de maio de 2020.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar as actas das seguintes sesións: ordinaria do 28 de febreiro de 2020, extraordinaria do 29 de abril de 2020 e ordinaria do 29 de maio de 2020, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- CAMBIO DE TITULARIDADE DAS ESTRADAS AUTONÓMICAS OU-211 E OU-400 A FAVOR DA DEPUTACIÓN DE OURENSE.-

O Sr. Secretario da lectura ao dirame da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación ábrese o debate, producíndose as seguintes intervencións:

Don Aurentino Alonso Araújo, portavoz do Grupo Socialista, di en primeiro lugar que neste tipo de cuestións debería haber unha maior lealdade institucional entre as administracións públicas afectadas, indicando que o Concello de Ramirás, afectado por unha das transferencias proposta, recibiu a comunicación oficial do cambio hoxe ás 9 horas da mañá, e cre que tratándose dun expediente que se iniciou fai un ano non costaba nada chamar á alcaldesa e informala, á marxe de que sexa un expediente no que o concello non é formalmente parte. Di que o seu grupo esta de acordo con esta proposta porque hai un concello que sae favorecido, pero sen prexuízo disto indica que hai dous concellos que non van saír tan favorecidos; di que isto se produce porque a situación na que ten as súas estradas a Xunta de Galicia non é comparable coa das estradas provinciais, e pon como exemplo a estrada provincial que sube de Sobradelo a Casoio pola parte do río, que están nunhas condicións bastante defectuosas, e mesmo a estrada que sube a San Vicente de Neira, en Vilamartín de Valdeorras, con respecto á que cre que os seus veciños estarían encantados de que a súa estrada pertencera á Xunta e non á Deputación, porque ao mellor nese caso xa se tería resolto o seu problema fai tempo. En canto ao procedemento, pregunta ao Sr. Secretario se este tipo de expedientes non precisan dun informe xurídico, porque no expediente remitido non consta. Di tamén que hai dous anos iniciouse un procedemento similar respecto dunha estrada no municipio de Petín, cun tramo moi pequeno de só 175 metros, que no seu día formaba parte da antiga N- 120 e segue a pertencer ao Ministerio de Fomento, indo dende a estrada autonómica OU – 533 (a estrada que vai de Petín á Gudiña) e continuando pola estrada provincial OU – 0863, e pide que se realice tamén a transferencia dese tramo á Deputación, aínda que é consciente da dificultade que pode supoñer o feito de que se trate dun treito urbano ou travesía, pero é que na permuta que se vai aprobar hoxe tamén un tramo urbano que pasa polo núcleo da Veiga, e que recentemente foi asfaltado cun orzamento de máis de 100.000 euros.

Don Pablo Pérez Pérez, portavoz do Grupo Popular, di que tal e como se explicou na comisión informativa, este expediente iniciouse a pedimento do alcalde da Veiga, e logo

desenvolveuse mediante unha negociación entre os técnicos da Deputación e os da Consellería. Di que non está de acordo no relativo ao mal estado das estradas provinciais, pero en todo caso, se iso é como di o Sr. Alonso Araújo entón a Deputación tras esta operación terá menos quilómetros que manter e en mellor estado, co que saímos ganando. Por outra banda, é certo que o expediente iniciouse hai un ano, pero hai un ano en ningún momento se falara da estrada de Ramirás, porque inicialmente a Xunta ofreceu realizar a permuta cunha estrada que vai do Barco á Veiga, o que foi rexeitado pola Deputación porque, malia estar en bo estado, é unha estrada de alta montaña que suporía un maior custe de conservación e mantemento no inverno. Con respecto ao arranxo da estrada do alto do Covelo á Veiga, levouse a cabo xa no 2018. E con respecto ao do tramo de estrada en Petín, cre que a posición do Sr. Alonso Araújo é un pouco incongruente, porque dunha banda di que as estradas da Deputación están en mal estado e por outra pide que esa estrada se transfira á Deputación. En todo caso, di que se retomará o estudo desa transferencia.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 2º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 2º](#)

Non se producen máis intervencións, someténdose o asunto a votación. Con resultado de 15 votos a favor (PP, DO e C'S) e 9 abstencións (PSOE e BNG), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Primeiro: Dar a conformidade da Deputación Provincial de Ourense ao cambio de titularidade a prol desta administración provincial das seguintes estradas ou treitos de estradas (expediente núm. 2020/2954H):

CLAVE AUTONÓMICA	DENOMINACIÓN	LONX.	CLASIF. TÉCNICA	CLASIF. FUNCIONAL
OU-211	Val de Pereira (N-120) – O Coedo (OU-504)	5,46	Estrada convencional	Local
OU-400	Ramirás (OU-531) – Mosteiro Ramirás (OU-531) Mosteiro	3,61	Estrada convencional	Local

A citada conformidade condiciónase a que a Xunta de Galicia, de forma simultánea, amose a súa conformidade e aprobe o cambio de titularidade a prol da administración autonómica da seguinte estrada que se describe, logo da petición formulada por esta Deputación Provincial na data 15.05.2019 (expediente núm. 2019/5025J):

CLAVE PROVINCIAL	DENOMINACIÓN	LONX.	CLASIF. TÉCNICA	CLASIF. FUNCIONAL
OU-0804	OU-0804 Alto de Covelo – A Veiga	11,52	Estrada convencional	Local

Segundo: De acordo co establecido no artigo 9.6 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o cambio de titularidade será efectivo ao día seguinte da publicación do Decreto da Xunta de Galicia no DOG. A entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes a esta publicación mediante a sinatura da correspondente acta de entrega entre as Administracións intervenientes.

Terceiro: Logo da tramitación de ámbolos dous cambios de titularidade, e en aplicación dos números 4 e 6 do artigo 10 da Lei 8/2013, de estradas de Galicia, a Deputación Provincial de Ourense deberá modificar o seu catálogo de estradas para incluír os cambios de titularidade aos que se refire o presente acordo.

3º.- RATIFICACIÓN DA DECISIÓN DE INICIAR EXPEDIENTE PARA O OUTORGAMENTO DE TÍTULO HONORÍFICO DE FILLO ADOPTIVO DA PROVINCIA DE OURENSE AO INSIGNE ESCULTOR DON MANUEL GARCÍA DE BUCIÑOS VÁZQUEZ.-

O Sr. Secretario, previamente a dar lectura ao ditame da comisión correspondente ao punto 3º, da resposta á consulta do Sr. Alonso Araújo no punto anterior, informando que a normativa vixente non esixe informe xurídico neses expedientes e que o que si se contén no expediente é o informe – proposta da dirección da área de Infraestruturas da Deputación, limitándose a tramitación do procedemento ao acordo entre ámbalas dúas administracións afectadas e á posterior aprobación do cambio de titularidade das estradas por decreto do Consello da Xunta.

Acto seguido, o Sr. Secretario da lectura ao ditame da comisión informativa de Mocidade, Cultura e Deportes, favorable á adopción do acordo proposto.

A continuación, prodúcense as seguintes intervencións:

Dona Montserrat Lama Novoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía, anuncia o seu voto favorable, tal como anunciou xa na comisión, ao ser evidentes os méritos deste gran artista para ser acredor deste recoñecemento.

Don Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do BNG, anuncia o seu voto favorable, amosando o seu acordo coa liña seguida pola Deputación Provincial de Ourense en canto a honrar con este tipo de distincións ás persoas nadas en Ourense ou cuxa traxectoria se relaciona con Ourense que se teñen distinguido polos seus especiais méritos.

Don Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de Democracia Ourenseana, anuncia tamén o voto favorable do seu grupo a este recoñecemento a don Manuel García de Bucíños Vázquez - tal e como figura na proposta – e ao fío disto di que lle chama a atención que figure no Bucíños no seu nome, agás que o modificara mediante algún procedemento, porque o seu nome é Manuel García Vázquez, e Bucíños é o seu nome de pluma, ou mellor dito, o seu nome de *cinzel*, o alcume que lle puxeron no grupo dos Artistiñas ao ter sido nado nese lugar do municipio de Carballedo, limítrofe coa nosa provincia, polo que, aínda que se recoñeza como fillo adoptivo, dalgún xeito é case tan ourensán coma nós.

Don Diego Fernández Nogueira, portavoz do Grupo Socialista, di que se trata dun xusto recoñecemento ao insigne escultor Manolo de Bucíños, un dos protagonistas da renovación artística de mediados do pasado século en Galicia. Din que a modo de achega, e agradecendo a exposición *Diario do artista* que se atopa no Centro Cultural *Marcos Valcárcel*, cre que podería ser unha boa idea que esa exposición rotase polas capitais das comarcas ourensáns; propón tamén que se difunda nos centros educativos da provincia a obra e figura dos persoeiros recoñecidos pola Deputación con este tipo de distincións nos últimos anos, mediante material didáctico que permita o seu coñecemento e, ao mesmo tempo, deixar a semente desas obras; por último, engade que se aledan deste recoñecemento, pero tamén do inicio, despois de moitos meses, do expediente para a declaración como fillo adoptivo da provincia do cineasta José Luis Cuerda.

Dona Ana Patricia Torres Madureira, portavoz do Grupo Popular, anuncia o voto favorable do seu grupo, que foi o que propuxo o outorgamento desta distinción, e cre que o deputado – instrutor, don Rosendo L. Fernández Fernández, comorá un expediente especial

para o recoñecemento desta figura senlleira da arte galega; con respecto ao recoñecemento a José Luis Cuerda, di que tras a excepcional situación vivida pola crise do COVID 19, a Presidencia adoptou xa as medidas oportunas para o inicio do procedemento, que se levarás á comisión e ao pleno ordinario do mes de xullo, e do que será ela a instrutora en atención á especial relación do cineasta coa súa comarca.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 3º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 3º](#)

Non se producen máis intervención e por unanimidade o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Ratificar a incoación do expediente para o outorgamento do título honorífico de Fillo Adoptivo da Provincia de Ourense ao insigne escultor don Manuel García de Bucifios Vázquez.

2º.- Designar ao deputado provincial e vicepresidente primeiro don Rosendo Luis Fernández Fernández como instrutor do expediente, conforme co que dispón o capítulo III do Regulamento de Honores e Distincións da Deputación de Ourense. O deputado instrutor actuará asistido polo asesor de presidencia don Aurelio Gómez Villar, que actuará como secretario do expediente.

4º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA CREACIÓN DUNHA COMISIÓN DE INVESTIGACIÓN SOBRE IRREGULARIDADES NAS SUBVENCIONS A AUTÓNOMOS E PEMES AFECTADOS POLA COVID-19.-

A Presidencia cede a palabra ao portavoz do Grupo Socialista, para que expoña e defensa o contido da súa moción.

Don José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que a nova iluminación do salón de sesións, que custou 40.000 euros, suscitalle unha reflexión sobre o que cualifica como malgasto de cartos públicos, ironizando con que ao mellor imos precisar gafas de sol nas sesións e que eses cartos seguramente estarían mellor empregados en axudar aos autónomos, porque iluminación xa tiñamos dabondo, aínda que a iluminación ao mellor está noutras mentes. Di que o manexo dos cartos públicos debe estar sometido á transparencia e á claridade, evitando calquera manipulación interesada ou partidista; doutra banda, é obvio que autónomos e pemes precisan dun impulso para reiniciar a súa actividade. Pero calquera

acción pública que non sexa clara e transparente pode ser sospeitosa, incluso de incorrer en cuestións que poderían ser delituosas. Quere dicir alto e claro – porque o seu grupo leva dúas semanas sendo obxecto de todo tipo de ataques por parte do goberno provincial en relación con este asunto – que apoian tódalas axudas que cumpran a legalidade, e incluso van máis aló, porque apoian que se apoiem ás pemes e autónomos, incluso a aqueles que pecharon, dos que o goberno provincial esqueceuse, e lembra que o seu grupo fixo unha proposta para poñer máis cartos que os deputados do grupo de goberno rexeitaron. Pero aclara que esta moción non vai diso, senón de como o goberno provincial, e nomeadamente o Sr. Presidente, utilizou estas axudas para caciquear e facer o que fan sempre: *mercadear* con cartos públicos. E advirte que non imos falar aquí dun erro administrativo dun día máis ou menos, porque ese erro é o de menos, aínda que non é o de menos cando se infrinxiu unha norma, o que faría impugnabile esa cuestión.; e o feito de que o secretario da Corporación se auto – inculpara desa cuestión – cousa que agradecen, porque revela o aprecio que lle ten a esta institución – non quita para que os deputados do PP tentasen facer o que tentaron facer, que foi facerlle chegar aos autónomos afíns a eles a información antes de tempo, non xa o día 12, non, é que o día 8 de maio o concello de Ribadavia anunciou ás axudas á metade dos autónomos da localidade, que son os que están na asociación de comerciantes, e á outra metade non se lles avisou, e polo tanto é unha realidade, por moito que manipulen, que tentaron *mercadear* e traficar coas axudas aos autónomos. Insiste en que o seu grupo está a favor das axudas aos autónomos e pemes e ás persoas que quedaron sen traballo, e pregúntase como ían poder estar en contra cando é o Goberno da Nación o que está a soste todas estas cuestións; do mesmo xeito, o seu grupo non está en contra das persoas que aproban unha oposición na Deputación, aínda que sexa amigos, familiares ou coñecidos dos membros do goberno provincial, o que están é en contra de que o resto de cidadáns non teñan as mesmas oportunidades; e igualmente non están en contra das catro ou cinco empresas que de xeito sistemático levan os contratos a dedo nesta Deputación, o que están é en contra de que esas empresas teñan privilexios fronte ao resto de empresas construtoras da provincia. Di que o goberno provincial tratou de envolver esta polémica noutras cuestións para tapar as súas propias corruptelas, o que non ten ningún tipo de explicación xurídica ou política, utilizando os medios de comunicación para informar do que o propio goberno provincial incumpre. Pon como exemplo que o deputado do PP don Rosendo Fernández, que ten anos de experiencia institucional, anunciou publicamente que as axudas se tiñan que pedir a partir do día 13, porque era consciente de que facelo doutra

forma iría contra as normas, pero o resto de deputados do PP non fixeron o mesmo. Remata dicindo que é rechamante que se publicase o anuncio no BOP do 12 de maio sobre ás sete da mañá, e que ás oitos xa houbo centos de solicitudes presentadas con toda a documentación, que curioso, e anuncia que na segunda intervención dará algúns datos – non os nomes dos solicitantes – desas solicitudes.

Dona Montserrat Lama Novoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía di que queda máis tranquila tras oír ao Sr. Gómez Pérez dicir que o Grupo Socialista está a favor das axudas aos autónomos e ás pemes, porque non o tiña claro despois de que rexistraran esta moción e ademais neste preciso momento, cando o virus aínda segue entre nós e segue a infectar ás persoas. Di que estamos a vivir un momento excepcional na historia do mundo e do noso país, onde distintas cores políticas gobernan distintas administracións públicas, e só ao PSOE se lle ocorre traer aquí unha moción pedindo unha comisión de investigación, no que cualifica como unha actitude destrutiva, de falla de empatía e de deslealdade institucional. Di que na moción se denuncia que algunhas das mensaxes difundidas nas RRSS sobre as axudas indicaban teléfonos nos concellos para asistir aos interesados na presentación das solicitudes, e a súa pregunta é: ¿para que estamos os políticos, para escudriñar constantemente onde está o erro ou para facilitar pactos nas corporacións para saír todos xuntos adiante nesta pandemia? Di que como deputada provincial sentiría vergoña de presentar esta moción, por varias razóns. A primeira delas, porque na moción omítese información que vai sacar de seguido; en segundo lugar, estamos ante unha crise tan complicada que nin sequera se atrevería a cuestionar calquera medida de axuda pública a calquera sector afectado desta provincia; e, en terceiro lugar, porque cre que a actitude coa que un se senta nestes escanos debe ser a de entender, tender a man, cooperar, facer crítica construtiva, de facer ver onde erra o grupo de goberno, porque erra en ocasións, pero sen atacar, sen faltar á verdade e sobre todo con respecto ás institucións, aos veciños e aos compañeiros do resto de grupos políticos. Di que na moción se di que a infracción do prazo de presentación de solicitudes debería levar á non admisión destas solicitudes, e pregúntase se o que quere o Grupo Socialista é que se anulen esas axudas, e pregúntase se iso é así que tipo de dirixentes políticos son. Di que na moción fálase dunha irresponsable xestión política das axudas que pon en risco a súa legalidade, pero como acaba de recoñecer o Sr. Gómez Pérez na súa intervención – aínda que na moción omítese este dato – todo obedeceu a un erro do

secretario da Corporación, recoñecido expresamente por este, un erro cometido tras moitos días e horas de traballo para sacar adiante estas axudas, e na propia comisión informativa informouse que o crédito orzado sería suficiente para atender todas as solicitudes recibidas, e pregúntase entón, ¿cal é o problema? Di que na moción tamén se di que teñen coñecemento da existencia de terceiros interesados que, de verse prexudicados por ese erro, interporían os correspondentes recursos poñendo en risco as axudas, e a pregunta é, dado que a moción está presentada o 12 de xuño e estamos xa a 26 de xuño, ¿onde están eses interesados e eses recursos que se ían interpoñer? Cre que en política hai que ser serios e ter altura de miras, e pregúntalle ao Sr. Gómez Pérez se quere que se faga público que, como deputado provincial con dedicación exclusiva (e ao igual que o resto de deputados nesa situación, incluída ela mesma) dende o 14 de marzo leva cobrados máis de 11.000 euros, e pregúntase se non lle preocupa a situación económica das persoas e das familias nesta provincia, insistindo en que este non é o momento de vir aquí con comisións de investigación senón o de estar ao carón do goberno provincial para saír entre todos desta crise.

Don Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do BNG, lembra que na comisión informativa a súa máxima preocupación fóra a de saber se os fondos serían suficientes para atender tódalas solicitudes, e o señor secretario informou que case con total certeza isto sería así. Salvado este punto fundamental, é certo que puido haber por parte de determinados cargos do PP un adiantamento extemporáneo destas axudas, podendo facer crer que estas axudas son do PP cando, como todos sabemos, son da institución provincial e polo tanto de todas e todos os ourensáns. Cre que a crítica política destas actuacións é lícita, e mesmo podería proceder unha revisión administrativa das axudas, pero cre que non ten sentido solicitar neste momento unha comisión de investigación, sen que se poña en risco estas axudas aos autónomos e empresarios, que sempre serán poucas aínda que tamén é certo que debería ir máis aló do que é o ámbito económico directo. Pero vaiamos ao que o BNG considera que é fundamental: en decembro de 2018 a provincia de Ourense tiña 309.293 habitantes, e a 1 de xaneiro de 2020 somos 307.651, 1.642 veciños e veciñas menos, malia a chegada de inmigrantes, en especial os procedentes de Venezuela. Este é o problema da provincia, xa moito antes do COVID, con cifras que acadan unha redución de 28.000 habitantes na última década, e 37.590 desaparecidos, chamémoslle así, dende o ano 2000, un 10,88 % de redución da poboación da nosa provincia. Di que as axudas – aínda que 600 euros

non van supoñer a salvación de ningún autónomo – son benvidas en tempos de crise, pero non podemos deixar que a palla nos oculte a viga no ollo da nosa provincia, porque de febreiro de 2019 a abril de 2020 o número de autónomos da provincia reduciuse de 23.800 a 23.264, un 2,3 % menos, fronte ao 0,6 % de baixada a nivel galego, entre un e dous autónomos menos cada día, e mentres no conxunto do Estado a cifra medraba de 3,5 a 3,7 millóns de autónomos, 200.000 máis. O informe de ATA, a asociación dos autónomos, indica que a redución en Ourense de 2015 a 2019 foi dun 11,7 %, mentres a media galega foi unha redución do 6 %. E agora chegou o COVID 19, e temos que tentar parar esta sangría entre todos, porque o virus pode supoñer a estocada final para moitos establecementos comerciais, especialmente se en setembro desaparecen as axudas do Goberno, que si que é certo que as hai. Cre que temos o deber que utilizar esta crise como revulsivo para poñer en marcha todo o noso potencial como provincia, porque está claro que esta crise aportar vantaxes comparativas para a nosa provincia, como poden ser a baixa densidade da poboación, a dispersión ou os nosos recursos naturais, ademais da nosa situación estratéxica; debemos poñer os nosos esforzos en revertir esta situación e darlle así unha oportunidade aos nosos autónomos e empresarios, ao noso tecido produtivo, e isto non quere dicir que non haxa actuación que non sexan manifestamente mellorables.

Don José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de DO, di que subscribe, con puntos e comas, a intervención da Sra. Lama Fernández, e tamén a do Sr. Varela López, porque o seu grupo está totalmente de acordo na mensaxe que se quere transmitir aquí. Lembra que nun pleno anterior xa dixera que o COVID 19 debería aportarnos, cando menos, sentidiño, e cre que a intervención de hoxe do Sr. Gómez Pérez foi clarificadora, porque deixou claro que considera que as axudas aos autónomos son unha acción de compra de vontades, de captación electoral de votos, de *mercadeo*, e isto pode ser un debate, pero non é o debate de agora; e tamén dixo que estaban a favor das axudas dentro da legalidade, e entende que por iso foron á Subdelegación do Goberno a escudriñar esa legalidade, o que no seu caso pode levar a botar abaixo esas axudas sen importar cal sexa a situación da provincia. Di que dun simple erro dun funcionario desta casa, dun erro sen consecuencias (porque non consta que ninguén quedara fóra da axudas por este erro) e dun erro relativo (porque na páxina web da Deputación o mesmo día no que se aprobaron as axudas en Xunta de Goberno xa se publicara un resumo informativo das axudas no que se recollía a práctica totalidade do

contido das bases, polo que todo o mundo coñecía ou puido coñecer a convocatoria) consistente en que a publicación fose un día antes ou despois, que é algo que non ten a transcendencia que o Grupo Socialista lle quere dar, dese simple erro, en fin, quere facerse un debate de contido político, e se queren faise, pero cre que non é o momento para un debate destas características, senón o momento de remar todos xuntos na mesma dirección para apoiar aos autónomos e microempresas, polo que non entende o sentido desta moción, e menos aínda que se pida unha comisión de investigación, que é algo que entre o público soa como que aquí pasou algo moi grave, cando realmente non pasou nada grave.

Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que se queda máis tranquilo tras escoitar ao Sr. Gómez Pérez dicir que están a favor das axudas; di que tamén lle chamou a atención que o Sr. Gómez Pérez fale de que as axudas son para caciquear, e espera que pense o mesmo das axudas que está a probar o Goberno da Nación, esas son obxectivas, limpas e sas, e as nosas non, ben, xa o valorarán os cidadáns. Di que quere en primeiro lugar dirixirse aos autónomos e emprendedores da provincia, que nestes meses se viron obrigados a parar a súa actividade ou que viron reducida a súa facturación, mesmo a cero, e di que dende as súas limitadas capacidades orzamentarias este goberno provincial quixo axudar aos autónomos e pemes con dúas liñas de axudas directas que xa coñecen os deputados. Di que hoxe ás nove da mañá o número total de expedientes de autónomos tramitados ou en tramitación era de 3.601, dos que 2.621 xa foron resoltos, e 2244 están pagados ou en trámite de pago. Di que hai anotacións rexistradas pendentes, pero se pode xa asegurar con total certeza que en ningún caso se vai esgotar a partida que no seu momento aprobouse neste pleno, por certo que coa abstención do Grupo Socialista, para as axudas aos autónomos. En canto ás pequenas empresas di que hai xa 351 expedientes abertos e se espera que esa cifra se incremente noutros tantos, que se tramitarán ao remate do proceso de estudo das solicitudes de forma conxunta. Di que estas cifras revelan que os nosos autónomos e empresas precisaban destas axudas, e aí estivo a Deputación aprobando estas dúas liñas. O único que era imprevisible neste proceso é que un cargo público se dedicase a sementar incerteza entre os autónomos que xa cobraron as axudas e os que xa as tiñan solicitado, e ao fío disto di que o equipo de funcionarios coordinado polo secretario xeral fixo unha grandísima labor, sendo quen de xestionar este proceso de xeito eficaz e tremendamente áxil. Pois ben: un cargo público do PSOE – que non o PSOE, quede claro – actuou con deslealdade, mala fe e

mentindo, agochando información básica para torpedear a concesión destas axudas, o Sr. Rodríguez Villarino; e todo por un erro administrativo que o Sr. Villarino, coa súa estreitura política – e agarda que o seu sorriso neste momento lle sente ben – quixo converter nunha causa xeral contra o goberno provincial, porque esa é a súa única meta política, non ten outra. Di que o Sr. Rodríguez Villarino creou unha polémica mentireira sobre a legalidade das axudas partindo dun simple erro nas datas de publicación da información das axudas, e subliña o da súa actitude mentireira, porque o Sr. Rodríguez Villarino ocultou aos medios de comunicación que xa dende o día anterior á súa rolda de prensa contaba cun completo informe de doce páxinas do secretario xeral onde se facía contar ese erro, que no propio informe se fai constar que ningún caso provocou afección algunha para ningún autónomo desta provincia, tal e como claramente se explica no informe, sinalando que no caso das axudas a pequenas empresas o erro é irrelevante ao non incidir no proceso dado que este se resolve de forma conxunta ao remate do prazo de presentación, e no caso dos autónomos, porque a partida nin se esgotou nin se esgotará, e polo tanto o efecto práctico dese erro administrativo foi ningún e o prexuízo para os autónomos foi ningún. Pregúntalle ao Sr. Rodríguez Villarino, á marxe do seu sorriso, como se pode actuar con tanta ruindade, e como puido presentarse diante dos medios de comunicación para falar de difusión de información reservada xerando incerteza e confusión entre os interesados, cando xa fóra informado previamente de forma clara e detallada sobre o asunto, ou como pode dicir que houbo tráfico de información privilexiada por parte de membros do goberno provincial cando o seu grupo foi informado en tempo e forma dos acordos da Xunta de Goberno, é máis, o día 7 de maio, véspera da Xunta de Goberno, o Grupo Socialista tiña no seu poder, ao igual que o resto de grupos, as bases que se aprobaron o día 8. Pide que digan iso e que deixen de actuar de forma mentireira. Pregúntalle tamén como é quen de falar de uso de información privilexiada de tres representantes do Partido Popular que o que fan é poñer a disposición dos veciños esa información, como puido facer o propio Sr. Rodríguez Villarino, e pregúntase tamén por que familiares de cargos da bancada socialista solicitaron tamén esas axudas o día 8 ou o día 11 de maio. Pregúntase igualmente como se pode criticar que cargos do PP se ofreceran a colaborar na solicitude das axudas, porque iso é a nosa obriga, simplemente. Pregúntalle por que ocultou que concelleiros do seu partido foron informados o día 11 de maio pola noite da publicación no BOP, ou por que na información que sacaron borraron determinadas cousas do perfil público dalgunha deputada ou deputado desta casa. Remata preguntándose como se pode manipular tanto, e

dálle a impresión, e faltan poucos días, de que o Sr. Rodríguez Villarino e, por extensión, o seu partido, vano pagar.

Don José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que é o deber dos políticos pedir comisións de investigación das accións dos políticos que non fan ben o seu traballo, e iso non significa que ninguén poña en dúbida que haxa que dar axudas aos autónomos, o que se pon en dúbida é outra cousa. Dille ao Sr. Caride que lle resulta curioso que un xurista como el poña en cuestión que saltarse a Lei é algo grave, e lémbrale que no Concello de Ourense rexeitaron as alegacións ao plan de mobilidade por razóns legais, o que está ben feito, pero aquí isto non ocorre. Dille ao Sr. Álvarez Dobaño que o traizoou o subconsciente, porque acaba de dicir que o día 8 se podía ter feito pública a información, cando o propio presidente, cando os deputados solicitan información, lembra sempre por escrito que existe un deber de reserva respecto da información que se lles da, singularmente a que se refire a procedementos aínda non resoltos, e aí está a clave, e por tanto non se pode facer pública esa información ata que se publique no BOP. Dille que o PSOE toma decisións como a de pedir unha comisión de investigación para quen se salta a normativa, e o día 8 non é o día 12, e o día 8 de maio xa se difundiu información (exhibe a copia impresa das capturas da publicación desa información na Rede) e iso é o grave, e non ten sentido que agora intenten envolver esta cuestión no erro humano do señor secretario, que xa dixeron que esa non é a cuestión para o seu grupo, o que pasou é que xa antes do día 12 de maio tentaron difundir a información e os pillaron. Con respecto ao de que non se prexudicou a ninguén é como dicir que non pasa nada por saltarse un semáforo se non se atropela a ninguén. Engade unha reflexión do propio PSOE, e é que como o PP os pode acusar de estar en contra das axudas, cando o propio portavoz nacional do PP votou en contra do mantemento do estado de alarma cando as axudas aos autónomos estaban vinculadas a ese estado legal, co que se fose polo PP os autónomos estarían sen cobrar, e isto o sabe toda España. Remata dicindo que o PP confunde as churras coas merinas, confunden a esixencia de que se cumpra a legalidade e se realice unha comisión de investigación para saber como se fixeron as cousas con estar en contra das axudas.

Dona Montserrat Lama Novoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía di que naturalmente que a oposición está para fiscalizar a labor do goberno e pedir a información que sexa necesaria, pero sempre de xeito construtivo e tendo en conta a

situación excepcional na que estamos. Di que está moi ben que o Sr. Gómez Pérez recoñeza agora que neste asunto houbo un erro humano, pero o caso é que na moción non aparece ese dato por ningures, e preguntase por que, engadindo que se o recoñecen agora é porque saben que meteron a pata. Di tamén que lles debería dar que pensar o feito de que os outros dous grupos da oposición, BNG e C's, non vaian votar a favor desta comisión de investigación. Lembra de novo que dende o 14 de marzo o Sr. Gómez Pérez cobrou máis de 11.000 euros desta Deputación, e o Sr. Rodríguez Villarino máis de 11.000 euros da Deputación e 4.000 euros polo Concello de Ourense, e pretenden retirarlle as axudas aos autónomos e pemes da provincia.

Don Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do BNG, di que cre que a súa posición está clara, no senso de que houbo aspectos na xestión das axudas que son susceptibles de crítica, e sendo certo que xa a nota de prensa do día 8 de maio adiantara o contido das liñas de subvencións, é dende logo rechamante que o mesmo día 12 de maio, a primeira hora da mañá, xa houbera centos de autónomos que xa tiñan a documentación necesaria. Reitera a mensaxe que tentou transmitir na súa primeira intervención en canto a que é preciso que traballemos unidos para revertir esta situación, poñendo de manifesto que a problemática da provincia de Ourense, tal e como amosan as cifras, ven de moito antes do COVID 19, e agardando que esta pandemia poida servir de revulsivo para poñer en valor as nosas potencialidades como provincia, de xeito de que se recupere a poboación e a economía, porque ámbalas dúas cousas están unidas, e esa sería a solución para os nosos autónomos e empresarios.

Don José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de DO, dille ao Sr. Gómez Pérez que prexulga a ilegalidade das axudas dende a súa posición lega na materia e el prexulga a súa legalidade dende a súa condición de xurista, e tanto dereito terá un como o outro a facer esa consideración. Evidentemente, pode facerse unha comisión de investigación por unha cuestión nimia, do mesmo xeito que se puido facer por un tema grave como o accidente do Alvia en Santiago, cando o PSOE votou en contra desa comisión, co que chama a atención que a queiran facer agora por un simple erro administrativo que non tivo ningunha consecuencia xurídica. Pregúntase se aos autónomos lles interesará este debate e que se monten comisións de investigación sobre este asunto, e responde que non, que o que queren é cobrar as axudas, e aí está o punto de inflexión neste asunto, e cre que unha cousa é o dereito

ao debate sobre as axudas e outra cargar o gatillo para ver se atopamos algunha ilegalidade correndo o risco de cargarse ás axudas, e cre que con esta actitude nas últimas semanas o PSOE pasouse de freada, porque non é de recibo nestes momentos xogar coas axudas aos autónomos.

Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que xa se falou aquí do Sr. Casado, e pregúntase ironicamente que males haberá neste país que non sexan culpa do PP. Dille ao Sr. Gómez Pérez que non hai nada que investigar, aparte do barullo que o seu grupo queira montar, porque é todo público e transparente e tiveron á súa disposición todo o expediente e resposta verbal e escrita a todo o que preguntaron. Di que no apartado 1º do acordo proposta na moción fálase de “prexuízos causados aos afectados”, e pídelle que lle diga un só prexudicado, un, e quen reclamou, e en base a que. Di que os deputados debemos estar para axudar á xente, e que os deputados do PP difundiron o contido das bases por canles públicas, e que esas bases as tiñan a disposición todos os grupos dende o día 7 de maio. Pídelle tamén ao Sr. Gómez Pérez que non lle fale de gardar secreto nin de non sei que, porque o secreto é só respecto das deliberacións da Xunta de Goberno, e nada máis. Cualifica de *barriobaixeira* e insultante a acción política do Sr. Rodríguez Villarino, que o autorretrata perfectamente, e di que o sinte por unha maioría de deputados, alcaldes, concelleiros e militantes do PSOE que traballan sempre en positivo. Di que en política no vale todo, e que polo visto ao Sr. Rodríguez Villarino a súa política anti – Ourense vaille ben no seu partido, comentando que por sorte non entrou no seu día no PP. Engade que no punto 2º da moción ínstase á execución inmediata dos mecanismos necesarios para solucionar os problemas ocasionados, e pide que lle digan a que problemas se refiren. Di que o Sr. Rodríguez Villarino co seu proceder quedou en evidencia ante moitos alcaldes e concelleiros do PSOE, e advírtelle que, como xa lle dixo no seu día, a este paso acabará por cocerse na súa propia salsa, e actuando deste xeito vai polo bo camiño. Di que nas deputación de León, Sevilla, Córdoba, Valencia, no principado de Asturias, nos concellos de Betanzos, Lugo, Coruña, Carballiño, aprobáronse este tipo de axudas, e en cambio o Sr. Rodríguez Villarino aquí tentou torpedealas, e nisto de montar un montaxe, valga a expresión, o Sr. Rodríguez Villarino foi único, manifestando que el prefire sen xente do común.

Don José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, reitera que os únicos que votaron en contra das axudas aos autónomos foron os do PP cando votaron en

contra do estado de alarma ao que estaban vinculadas, e iso si que quedará para os anais da historia. Di que cada vez que o portavoz socialista fai dano político ao goberno provincial dedícanse a atacalo e esixir a súa dimisión, como fixeron con el mesmo no mandato anterior, e isto é alucinante. Di que no seu momento o PP, a través do actual deputado don Rosendo Fernández, chegou a pedir a anulación de contratos laborais de concellos ante a Subdelegación do Goberno. Di tamén que o propio informe do secretario xeral di que a presentación de instancias o 12 de maio constitúe unha infracción formal, e iso non o din o Sr. Álvarez Dobaño e o Sr. Caride. Di que é indecente que un grupo como DO os critique por pedir unha comisión de investigación, cando eles fartáronse de pedir comisións e facer denuncias por nimiedades contra compañeiros seus do PSOE no concello de Ourense. Remata dicindo que non lle preocupa que os outros grupos da oposición non apoiem a súa moción, aínda que si lle preocupa que o BNG non o faga.

A Presidencia pon fin á intervención do Sr. Gómez Pérez, ao ter excedido este o tempo máximo de intervención.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 4º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 4º](#)

Non se producen máis intervencións, someténdose o asunto a votación. A moción obtén 8 votos a favor (PSOE), 15 en contra (PP, DO e C's) e 1 abstención (BNG) polo que non é aprobada.

5º.- MOCIÓN DE CIUDADANOS RELATIVA Á APERTURA DOS CENTROS OCUPACIONAIS.-

A Presidencia cede a palabra a **dona Montserrat Lama Novoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía**, para que expoña e defenda o contido da súa moción.

Dona Montserrat Lama Novoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía di que fai uns días a Xunta de Galicia informou nun comunicado que os centros ocupacionais deberían permanecer pechados ata o 1 de setembro, o que impide a moitas entidades sen ánimo de lucro ofrecer aos seus usuarios as terapias que precisan para o seu día a día, e así unha asociación como Limisi, que é un referente na comarca da Limia, vese na obriga de manter pechadas as súas instalacións por unha decisión allea sen

fundamento. Di que esta asociación presta servizo a máis de cincuenta familias en múltiples concellos da comarca da Limia e comarcas limítrofes, realizando terapias para persoas con diversidade funcional, e as familias afectadas teñen denunciado o grave dano que produce esta situación, porque seis meses sen estas terapias equivalen a anos de retroceso. Polo exposto, propón a adopción do seguinte acordo, no que se modifica o texto respecto do ditaminado en comisión informativa, á vista de que dende entón xa se autorizou a realización de terapias individuais:

“Instar á Consellería de Política Social e Sanidade e á Presidencia da Xunta de Galicia que posibilite a apertura dos centros ocupacionais da provincia de Ourense, nomeadamente á Asociación Limisi de Xinzo de Limia, para flexibilizar e avanzar a pequenos grupos (se a situación o permite) cumprindo coas medidas de distanciamento, prevención e hixiene”.

A continuación ábrese o debate coas seguintes intervencións:

Don Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do BNG, di en primeiro lugar que o BNG e el mesmo domo deputado provincial teñen unha posición política de seu, baseada na crítica construtiva verbo do que suceda nesta administración provincial, e ningún outro grupo vai condicionar nin determinar esa postura. Manifesta o seu acordo coa proposta de trae C’s, e mesmo o seu grupo presentou outra moción que se tratará logo na que coída que se amplía a perspectiva das súas reivindicacións a outro tipo de centros, xa que esta moción cínguese sobre todo ao caso de Limisi. Di que a postura da Xunta neste asunto é incomprendible, porque non entende que se poidan manter pechados estes centros e ao mesmo tempo hoxe se diga que imos poder volver ás discotecas. Di que se isto está avalado polos expertos cos que a Xunta presume de contar, deberían ir pensando en mudalos, porque estamos a falar de persoas que precisan de axuda para moitas das súas labores, de familias que necesitan un respiro, de servizos de fisioterapia, terapia ocupacional, psicomotricidade, etcétera, e isto non pode quedar pechado *sine die* por cálculos electoralistas. Polo tanto, os centros ocupacionais e moitos outros centros dos que falamos de seguido deben abrir, porque é a nosa responsabilidade como xestores públicos.

Don José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de DO, anuncia o voto a favor do seu grupo, porque cren que coas medidas de seguridade necesaria se debe volver canto antes á normalidade, máis que a iso que chaman agora a “nova normalidade”, expresión que lle causa certa inqueda.

Dona Margarita Pérez Fernández, portavoz do Grupo Socialista, di que a decisión da Xunta de manter os centros ocupacionais pechados ata o 1 de setembro obriga a persoas con diversidade funcional a quedar na casa, sen posibilidade de recibir os servizos necesarios para evitar o seu deterioro físico, psíquico e cognitivo e garantir a súa calidade de vida. Comenta que durante o estado de alarma o presidente da Xunta de Galicia criticou ao presidente do Goberno da Nación alegando a súa falla de flexibilidade na desescalada e de improvisación nas súas decisións, e incluso pedira que se normalizara a situación dos centros de maiores, e agora o mesmo Núñez Feijóo non permite abrir nin escolas infantís, nin centro ocupacionais, como si se fixo noutras CCAA onde pouco a pouco van retomando a súa actividade. Di que ademais esta é unha decisión inesperada, porque o 14 de maio a Xunta informara de que se estaba a traballar nun protocolo para a reactivación destes centros, e agora se di que non poderán abrir ata o 1 de setembro, o que implicará seis meses sen terapias nin intervencións, que poden significar un retroceso de anos na evolución das persoas usuarias e a imposibilidade de conciliación das súas familias; e chama a atención ademais que as entidades privadas si manteñas as terapias individuais, co que sae perdendo como sempre a xente con menos recursos e a poboación do rural. Anuncia o voto favorable do seu grupo, porque cren que cos protocolos axeitados sería posible abrir estes centros en condicións de seguridade sanitaria.

Dona Luz Doporto Real, portavoz do Grupo Popular, anuncia o voto favorable do seu grupo a esa moción. Sen prexuízo disto, di que as cuestións das que se está a falar non son menores, porque os usuarios destes servizos son, na maioría dos casos, unha poboación extremadamente vulnerable, e neste senso dille ao Sr. Varela López, verbo da apertura das discotecas (e á marxe de cal poida ser a súa opinión ao respecto) que non é comprable o risco sanitario en persoas novas e sas co risco que pode existir no caso dos usuarios dos centros ocupacionais; e doutra banda os usuarios destes centros pasan a noite nas súas casas, co que estarán en contacto con persoas que estarán nunha situación de normalidade en canto ao contacto social, o que pode implicar riscos para os outros usuarios e para o persoal dos centros, e todo isto pon de relevo a dificultade de toma de decisións nestes momentos, nos que hai que apelar á responsabilidade de todos. Di que aínda que na moción se sinala nomeadamente á Asociación Limisi, son moitas as asociacións afectadas por este problema. Lembra que en todo caso a Xunta de Galicia habilitou un bono de 500 euros para que as familias das persoas afectadas puidesen contratar servizos de apoio para estas persoas, pero

tamén é certo que isto non é suficiente e que, en efecto, a suspensión das terapias durante un tempo prolongado pode supoñer un deterioro na situación destas persoas, sobre todo no aspecto cognitivo, que mesmo pode ser irrecuperable, polo que é necesario que se avance na confección dos protocolos necesarios para que estes centros se poidan abrir.

Dona Montserrat Lama Novoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía di que a referencia a Limisi na súa moción obedece ao feito de que foi esta asociación a que se puxo en contacto con ela para facer esta petición, que o seu grupo se limita a transmitir a través da moción, aínda que en todo caso no propio texto da moción alúdese ás asociacións e centros afectados en xeral. Agradece o apoio do resto dos grupos.

Don Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do BNG, di que concorda coa voceira do Grupo Popular en que dende logo non é o mesmo a apertura das discotecas – con toda a importancia económica que poida ter – coa apertura destes centros, que para o BNG é unha prioridade. Di, a título de exemplo, que estes días atrás no Concello de Allariz tiveron un caso de extravío dunha persoa con Alzheimer, á que por sorte se puido localizar a tempo, e que os familiares lle comentaban que o problema viña de que esta persoa deixase de asistir neste tempo ao centro ocupacional para recibir terapia, o que deu lugar a unha situación de nerviosismo e inqueda pola súa banda, que deu lugar a que tentase saír soa da casa; e isto non é un caso illado. É consciente dos riscos que xera a apertura dos centros, pero tamén hai que ter en conta que a non apertura xera outro tipo de riscos – como os indicados – que poden ser incluso máis graves, polo que hai que manter un equilibrio ao respecto, que entende se resolve abrindo os centros coas medidas de seguridade que sexan precisas.

Dona Luz Doperto Real, portavoz do Grupo Popular, di que, en efecto, as familias están a padecer este problema, e por iso necesitamos a altura de miras, tanto persoal como política, para conseguir que estes centros se reabran canto antes e esas persoas reciban a atención que merecen e que cando se produzan – porque inevitablemente poden producirse - rebrotes ou contaxios esa mesma altura de miras evite que se faga lume das circunstancias que poidan darse.

Dona Montserrat Lama Novoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía, reitera o agradecemento ao resto de grupos polo seu apoio.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 5º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 5º](#)

Non se producen máis intervencións e por unanimidade o Pleno da Corporación adopta o seguinte acordo:

Instar á Consellería de Política Social e Sanidade e á Xunta de Galicia para que posibilite a apertura dos centros ocupacionais da provincia de Ourense, nomeadamente a Asociación Limisi de Xinzo de Limia, coa flexibilidade de avanzar a pequenos grupos (se a situación o permite) cumprindo coas medidas de distanciamento, prevención e hixiene.

6º.- MOCIÓN DO BNG PARA QUE A XUNTA DE GALICIA E OUTRAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS RETOMEN AS SÚAS RESPONSABILIDADES PROPIAS.-

A Presidencia cede a palabra a **don Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do BNG**, para que expoña e defenda o contido da súa moción.

Don Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do BNG inicia a súa intervención dicindo que hai una errata no título da moción, xa que se refire a “outras administracións públicas” e non a “cargos públicos”. Da lectura ao contido da súa moción, na que, en síntese, expónse que a xestión da crise do COVID - 19 en Galicia pode considerarse mellorable, en particular no ámbito sanitario, onde foi evidente o deterioro do sistema como consecuencia de tantos anos de recortes e privatizacións, así como no caso das residencias de anciáns. En todo caso, tras o pase á fase III, o Goberno galego xa non debería poder escudarse nas decisións do Goberno de Madrid respecto á toma de decisións, en especial no relativo a colectivos especialmente vulnerables que precisan verdadeiras solucións. Neste senso, cre que é obrigado proceder á reapertura de centros de días, centros ocupacionais e escolas infantís, e non abonda con anunciar fondos para a contratación de servizos privados, que en moitos casos non terán a preparación suficiente. Explica que ante a crise os concellos mantiveron o servizo de axuda no fogar e outros servizos de atención domiciliaria como o xantar sobre rodas, e mesmo a Deputación reforzou o servizo de teleasistencia, pero en cambio a Xunta de Galicia, coa escusa da seguridade sanitaria, está a facer unha deixación de funcións en servizos esenciais para garantir a atención aos cidadáns, como son os centros de día e ocupacionais de atención a persoas con diversidade funcional, e aínda que saibamos que o risco cero non existe, non é de recibo que estes centros estean sen abrir, xa que o deterioro cognitivo que pode causarse a estas persoas, como indicou a voceira do Grupo Popular, pode ser moi grave. Tampouco é de recibo que estean sen abrir a totalidade das escolas infantís do país, que non son só un meros

servizos de conciliación senón que tamén contribúen ao desenvolvemento dos nosos nenos, cando os centros privados xa tiñan protocolos para a súa reapertura coas maiores garantías, e hai que dar por suposto que as públicas terán cando menos as mesmas capacidades; e chama a atención que se programen as eleccións para xullo, que se considera o mes de menor risco, e a reapertura das escolas para setembro, que é o mes de máis risco. Di tamén que é necesario instar á Administración Xeral do Estado á apertura dalgúns dos seus centros e oficinas, como os da TXSS ou as oficinas de estranxeiría (aínda que algúns destes servizos xa se reabriron dende que se presentou a moción) xa que se están a detectar problemas para persoas estranxeiras e outros cidadáns en risco de exclusión para regularizar e documentar a súa situación, cos trastornos e problemas que isto xera. Igualmente, no eido dos servizos sanitarios é preciso reforzar e mellorar a atención, e advirte do risco de que as persoas non falezan polo COVID pero si por outras patoloxías como consecuencia desa falta de atención. Polo exposto, propón que se adopte o seguinte acordo:

“1º.- Que coa máxima urxencia e habilitando os protocolos preventivos que procedan debido á crise sanitaria provocada polo COVID 19, se artellen os mecanismos para acadar unha mellor atención aos cidadáns por parte da Administración Xeral do Estado en Galicia nos departamentos das súas competencias tal como a Tesourería da Seguridade Social, o SEPE ou o Servizo de Estranxeiría.

2º.- Que tamén con carácter urxente a Xunta de Galicia, en correspondencia coas competencias que lle corresponden estatutariamente e no ámbito da lexislación que regula o marco de fondos COVID 19, proceda á apertura dos centros de día e centros ocupacionais, tanto públicos como privados, cos protocolos necesarios para minimizar o risco de contaxio, dada a imposibilidade de afrontar en soidade esta situación por parte das familias e o impacto negativo que a situación de peche está a provocar tanto nas familias como nos aspectos físicos e cognitivos dos/das usuarios/as.

3º.- Así mesmo, que a Xunta de Galicia proceda a artellar os medios para a apertura das escolas infantís e de cara a setembro dos centros públicos de ensino como xeito de garantir a conciliación familiar e laboral e tamén de manter un marco formativo estable e garantido para todo o alumnado en situación de equidade”.

A continuación, prodúcense as seguintes intervencións:

Dona Montserrat Lama Novoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía anuncia o seu voto favorable a esta moción, dado que considera que o que se

solicita responde a unha gran necesidade social, sinalando que no relativo aos centros ocupacionais xa se acaba de aprobar na moción anterior, e destacando a problemática das escolas infantís, xa que cre que a Xunta equivócase ao manter o peche ata o 1 de setembro, estimando que pese á dificultade que supón é posible abrir xa coas cautelas necesarias estes centros, do mesmo xeito que se abriron os centros privados ou que concello como o de Xinzo xa están a organizar campamentos de verán, con grupos reducidos e actividades ao aire libre, e sempre en función da evolución dos acontecementos, que agora mesmo non coñecemos cal vai ser.

Don José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de DO, anuncia o voto favorable do seu grupo, polas mesmas razóns xa expostas ao tratar a moción anterior.

Don Diego Fernández Nogueira, portavoz do Grupo Socialista, anuncia o voto favorable do seu grupo, dado que están de acordo co sentido da moción, aínda que queren facer algunha aclaración ao respecto. Así, con respecto ao punto 1º da parte dispositiva, indica que durante o confinamento a Oficina de Estranxeiría suspendeu a atención ao público, pero que seguiu a admitirse a presentación de documentación polos interesados e seguiu a tramitar os expedientes que estaban en curso, e nestes intres xa están a traballar con atención presencial baixo cita previa; no caso da Tesourería Xeral da Seguridade Social, a atención é telefónica pero tamén se da cita previa para atención presencial; e no caso do SEPE a recuperación da atención presencial depende da Xunta de Galicia, coa que se comparten os espazos das oficinas administrativas, e dado que a Xunta estableceu o 1 de xullo como data para volver a prestar a atención presencial, o SEPE tamén o fará a partir dese día. Indica tamén que nestes tres meses o servizo non puido ser prestado doutro xeito, dadas as medidas de seguridade adoptadas, co 60 % do persoal teletraballando, mesmo festivos e fins de semana, e o resto do persoal nos seus postos de traballo, e sinala que na provincia de Ourense, no mes de abril, tramitáronse o 100 % dos expedientes recibidos, algo que non poder ter sucedido de non terse feito as cousas como acaba de dicir, e advirte que o número de expedientes relativos a ERTE's na provincia foi de 21.000, un *tsunami* de solicitudes que tería arrastrado a calquera outra administración que non fose a estatal, e de feito a Xunta de Galicia, para tramitar 5.000 expedientes tivo que ampliar o prazo de resolución das solicitudes. Neste senso, transmite os parabéns do seu grupos aos funcionarios estatais, autonómicos e locais polo traballo desenvolvido neste período. Amona o seu acordo co punto 2º, no relativo á apertura dos centros ocupacionais e en particular das escolas infantís, porque

ademais non se entende que se autorice a apertura dos parques infantís ou das discotecas e en cambio non se autorice a apertura das escolas infantís, e critica que a Xunta de Galicia non estea ademais a apoiar economicamente aos concellos que padecen sobrecostos pola prestación dos servizos.

Don Pablo Pérez Pérez, portavoz do Grupo Popular, di que, estando de acordo no fondo da cuestión, quizás sexa xusto recoñecer o papel da Deputación Provincial de Ourense, xa que aquí felicítase ao SEPE, o que é xusto, pero tamén o é, e o propio Sr. Fernández Nogueira o dixo, recoñecer o papel da Deputación, tanto na implantación do teletraballo durante a crise como na reincorporación do seu persoal, en especial do que estivo ao pé do canón durante a crise do COVID 19, e neste senso cre que a Deputación podería servir de exemplo para outras administracións públicas, porque é certo o que se dixo de que a Administración do Estado está a atender á xente pero tal vez chegue un pouquiño tarde. Pero á marxe deste detalle, de dalgún outro sinalado polo Sr. Varela co que non están de acordo, o Grupo Popular votará a favor desta moción, porque cre que a reanudación dos servizos públicos é importante para o interese da sociedade en xeral. Con respecto ás críticas á Xunta de Galicia, lembra que se sacou un bono de 500 euros mensuais para as persoas usuarias dos centros de día e ocupacionais, co fin de poder pagar un profesional privado que os atendese a domicilio, cun total de 11 millóns de euros, e unha axuda específica de 1 millón de euros para co - financiar a terapia especializada que necesitan as persoas dependentes para paliar os efectos do confinamento a nivel físico e cognitivo, e unha liña de axudas tamén para os centros de día de xeito que poidan prepararse para a súa reapertura, dotada con 4 millóns de euros. Reitera o seu voto a favor.

Don Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do BNG, alédase de que estas reclamacións que contén a súa moción sexan tidas en conta polo resto dos grupos políticos. Concorda co voceiro do Grupo Socialista en que non é posible entender como os concellos teñen a potestade, e mesmo a obriga porque a presión veciñal non impulsa a isto, de abrir os parques onde podemos ter rapaces de diferentes idades e procedencias xeográficas xogando xuntos e en cambio non se abran as escolas infantís onde só acudirían nenos do propio concello perfectamente identificados, algo inexplicable que só se pode entender como que a Xunta non quere asumir ningún tipo de responsabilidade nos servizos que son da súa competencia; e ademais estanse a aplicar medidas que son discutibles, como o de colocar hidroxelos nos parques infantís, cando nas instrucións de uso destes hidroxelos especificase

que deben manterse fóra do contacto dos nenos. Insiste por isto en que se están a cargar responsabilidades sobre os concellos con medidas que non semellan ter moito sentido, e sen un respaldo económico, e lembra que neste días a propia FEGAMP fíxose eco destas reclamacións por enriba de diferencias políticas entre partidos. Por como exemplo que o Concello de Allariz tivo que facer fronte ás necesidades das persoas estranxeiras, porque estas persoas en moitos casos non teñen acceso a medios informáticos, e os servizos sociais municipais tiveron que atender de forma presencial a estas persoas para facer fronte á súa problemática, e non quere minusvalorar o traballo doutras administracións, pero sí salientar o traballos dos concellos, porque foron os traballadores municipais os que, como sempre, estiveron máis a carón da veciñanza, especialmente da máis desfavorecida, e polo tanto cre que tamén as outras administracións públicas deberían ternos en conta e dotarnos de axudas porque son necesarias.

Don Diego Fernández Nogueira, portavoz do Grupo Socialista, di que antes fixo referencia aos traballadores desta casa, e esqueceuse do Servizo de Telecomunicacións, que foi increíble o traballo que levaron a cabo nun momento de uso excepcional das redes de comunicación. Lembra que o recoñecemento aos traballadores do SEPE consta nunha reunión da Comisión Territorial deste organismo co aval dos sindicatos e empresarios, e polo tanto non é algo que defenda só o Grupo Socialista. Di tamén que a proba de que o seu grupo defende a vola á normalidade é o feito de que foron eles os que solicitaron que este pleno tivese lugar de modo presencial e normal, e entende que se pedimos isto ás outras administracións públicas, nó temos que dar exemplo.

Don Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do BNG, reitera o agradecemento ao resto dos grupo polo seu apoio e a necesidade de que tódalas administracións públicas actúen unidades nesta situación, e en especial que algunha administración non se poña de perfil e asuma as responsabilidades que lle corresponden para abrir ao público os servizos que demandan os cidadáns.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 6º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 6º](#)

Non se producen máis intervencións e por unanimidade, o Pleno da Deputación adopta o seguinte acordo:

1º.- Que coa máxima urxencia e habilitando os protocolos preventivos que procedan debido á crise sanitaria provocada polo COVID 19, se artellen os mecanismos para acadar unha mellor atención aos cidadáns por parte da Administración Xeral do Estado en Galicia nos departamentos das súas competencias tal como a Tesourería da Seguridade Social, o SEPE ou o Servizo de Estranxeiría.

2º.- Que tamén con carácter urxente a Xunta de Galicia, en correspondencia coas competencias que lle corresponden estatutariamente e no ámbito da lexislación que regula o marco de fondos COVID 19, proceda á apertura dos centros de día e centros ocupacionais, tanto públicos como privados, cos protocolos necesarios para minimizar o risco de contaxio, dada a imposibilidade de afrontar en soidade esta situación por parte das familias e o impacto negativo que a situación de peche está a provocar tanto nas familias como nos aspectos físicos e cognitivos dos/das usuarios/as.

3º.- Así mesmo, que a Xunta de Galicia proceda a artellar os medios para a apertura das escolas infantís e de cara a setembro dos centros públicos de ensino como xeito de garantir a conciliación familiar e laboral e tamén de manter un marco formativo estable e garantido para todo o alumnado en situación de equidade

7º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA INSTARLLES Á XUNTA DE GALICIA E AO PARLAMENTO GALEGO A QUE INVESTIGUEN A XESTIÓN NAS RESIDENCIAS DA TERCEIRA IDADE DOS CONTAXIOS E FALECEMENTOS POR CORONAVIRUS EN GALICIA E OURENSE, E PARA QUE GARANTAN UNHA ATENCIÓN RESIDENCIAL DE CALIDADE PARA AS PERSOAS MAIORES NA NOSA TERRA.

Antes do inicio do tratamento deste asunto, e logo da reanudación da sesión tras a suspensión para descanso dos señores deputados e deputadas acordada pola Presidencia ao remate do tratamento do punto 6º da orde do día, a deputada dona Montserrat Lama Novoa pediu a palabra á Presidencia para poñer de manifesto unha incidencia sucedida durante a suspensión da sesión.

Dona Montserrat Lama Novoa di que durante a suspensión da sesión foi increpada e intimidada polo deputado do Grupo Socialista, don José Ignacio Gómez Pérez, ausente no salón de sesións neste intre, e manifesta ao respecto que non van conseguir intimidala e que o feminismo do que presume o PSOE debe comezar sempre polo respecto ás persoas,

advertindo que se este comportamento se reproduce no sucesivo terá consecuencias legais nos xulgados.

Don José Ignacio Gómez Pérez, que se incorpora un momento despois á sesión, pide a palabra por alusións, manifestando que a actitude da Sra. Lama Novoa é indignante, e di que menos mal que ten testemuñas do que pasou, porque o único que fixo foi lembrarme á Sra. Lama que esquecera que nunha entrevista alcumara a algún compañeiro do PP de Al Capone, e iso foi todo, e non a increpou nin nada que se lle pareza, e polo tanto a Sra. Lama está a mentir sobre a súa persoa, e iso está moi feo.

A Presidencia pide que se entre no debate do punto da orde do día, dando a palabra ao voceiro do Grupo Socialista.

Don Rafael Rodríguez Villarino, portavoz do Grupo Socialista, di que estamos nun pleno onde nos deberíamos cinguir aos puntos da orde do día e deixar as alusións persoais para cando toque, porque hai aquí moitas persoas que se dedican a calumniar e infamar como se esa fose a súa profesión, e pide que nos cingamos aos asuntos que nos traen aquí. Neste senso, un dos asuntos máis importantes, nesta provincia e en todo o mundo, e o COVID 19 e nomeadamente os seus efectos sobre as persoas maiores, e non só polo feito de que constitúan un grupo de risco, senón polo acontecido nas residencias de maiores, onde ten sucedido algo que non pode acontecer nunca máis: o caos, contaxios e mortes e desleixo nunha serie de residencias, non en todas, por fortuna. Esta moción obedece á necesidade e investigar que sucedeu en determinadas residencias nas que houbo un número elevadísimo de falecementos e contaxios, que afectaron aos maiores, aos traballadores e traballadoras e ás familias, que padeceron a falla de contacto e de información ademais do risco de contaxios que nalgúns casos traducíuse en mortes. Di que hai tres casos que, polas súas características, deben ser tratados con coidado, e por iso se citan de forma separada na moción. O primeiro deste casos foi o da residencia San Carlos, en Celanova, que cando ocorreu por vez primeira tivo lugar sen ter coñecemento nin a propia alcaldía nin a subdelegación do Goberno do que estaba a suceder, cunha total ocultación do que estaba a suceder cando xa cinco días antes de detectara o primeiro contaxio, confirmado dende o PAC, co traslado da primeira interna ao CHUOU, finando ás poucas horas; e tardouse cinco días en advertir do que estaba a suceder, mentres as traballadoras estaban xa contaxiadas ou contaxiando, e o peor de todo é que se estaba a ocultar o sucedido. Menos mal que existe Facebook, que como veremos na seguinte moción

serve para moitas cousas, e ao seu través se tivo coñecemento do sucedido e el mesmo púxose en contacto co subdelegado do Goberno que enviou á UME para que desinfectase o exterior desa residencia, como todo o mundo sabe; e logo acudiu persoal da unidade de hospitalización a domicilio a realizar probas, e con esas probas comezou a moverse esa maquinaria, pero xa non se puido parar o acontecido. Critica a ocultación da información, e a técnica empregada pola Consellería de Política Social e a de Sanidade de deslindar as estatísticas de falecemento en función de que tivesen lugar na residencia ou no hospital, o que non ten ningún sentido porque dilúe a percepción do problema, cando o que había que facer era atallalo e localizar a súa causa. Certo é que en Galicia hai discrepancias en torno ás cifras, e pon como exemplo a discrepancia en 136 persoas falecidas entre as cifras que teñen os familiares e as cifras oficiais das persoas que finaron nas residencias de maiores. En Ourense, por exemplo, se collemos as cifras oficiais, das 132 persoas que finaron nesta provincia, engadindo á morte a dor do abandono e a soidade na que tivo lugar, se collemos esas cifras 26 persoas finaron nas residencias pero a realidade é que foron 76, que é unha diferenza palmaria, e pregúntase como é posible que haxa esta diferenza, e con estas cifras se oculta a realidade cando o que hai que facer é recoñecer esa realidade e actuar en consecuencia. Di que na residencia de San Carlos de Celanova da que falou en primeiro lugar foron 11 as persoas finadas, e o seguinte caso é Nosa Señora de Fátima, na que o 26 de marzo detectáronse os primeiros casos, e ata dezaseis días despois non foi intervida, e menos mal que foi intervida, despois de pregar por isto o alcalde do Barco e de pedir unha e outra vez que se fixeran test masivos. Di que cando se interveu esa residencia só quedaban 30 persoas, pero non se puido evitar que 60 persoas, incluídos traballadores, fosen contaxiadas, e que finaran 17 maiores, o que é unha traxedia, e non é menos traxedia o que ocorreu na residencia Nosa Señora da Esperanza, con 140 contaxios e 40 mortes, aínda que as cifras oficiais dicían 21, pero logo a propia Fundación San Rosendo, nun documento que lle enviou, falou de 26, pero o máis relevante é que entre o primeiro contaxio e as probas masivas pasaron dúas semanas, e aquí está a clave de moitas das cousas que están sucedendo, na demora, na falla de atención, porque non é posible actuar cando se fai con tanto desleixo. E hai responsables: a dirección dos centros e as consellería de Política Social e Sanidade, na medida en que lles toque, e non o é o Goberno da Nación, pero se tivese que selo tamén tería que facerse cargo. Di que isto non é unha causa contra o PP nin contra as fundacións titulares dos centros, pero si é un asunto político, no que nos compete tomar decisións e as decisións deben tomarse aquí, como

aconteceu o outro día no Concello de Ourense, unha rara excepción en Galicia, onde estas comisións de investigación se teñen aprobado sen problema, e no Concello de Ourense PP e DO impediron que se aprobara unha moción nese senso, algo difícil de entender, e confía en que non sucedo hoxe o mesmo aquí, dándolle un voto á esperanza, esa cousa que flota difusa no aire, unha nebulosa que ás veces se materializa por mor da vontade das persoas, polo que espera que hoxe se materialice en función da talla moral dos aquí presentes e da súa necesidade de ser útiles para a cidadanía.

Dona Monserrat Lama Novoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía di que para saber se a xestión das residencias en Galicia ou Ourense foi nefasta o que hai que facer é unha comparativa co resto de comunidades autónomas, e no noso caso temos dezasete comunidades autónomas dentro dun mando único que foi España. Partindo disto, se se comparan os datos, en Ourense a Fundación San Rosendo non o debeu facer tan mal porque segundo os datos oficiais do Ministerio no número un do ranking está Extremadura, cun 84,84 % de porcentaxe de falecidos en residencias respecto dos totais nesa comunidade autónoma, e no posto número dous está Aragón co 84,50 %, mentres Galicia está no número doce, co 44,34 %; e casualmente o número un e dous do ranking son CCAA gobernadas polo PSOE, e por iso estes datos non interesan ao Grupo Socialista, porque para poder valorar o problema hai que comparar os datos de CCAA que tivesen a mesma problemática, unha problemática de falla de material, medios e recursos porque o Goberno non daba e requisaba o material. Di que estes datos revelan que Galicia foi unha das CCAA que mellor xestionou as súas residencias e a pandemia en xeral, dato recoñecido polo propio Fernando Simón, que representa ao Goberno da Nación neste asunto, e as peor xestionadas foron as CCAA gobernadas polo PSOE, segundo o ranking *publicado* polo Ministerio. Cre que o primeiro que hai que facer nunha comisión de investigación é coller os datos de Galicia, de Ourense ou nomeadamente da xestión da Fundación San Rosendo, e por iso hai que partir dos datos públicos e oficiais da Fundación San Rosendo, que ten 5192 persoas nas persoas, 3424 usuarios e 1768 traballadores. Di que en canto houbo tests PCR o 94,65 % das persoas nos padeceron o virus, e houbo 4914 negativos e 278 positivos, o 5,35 %. Deses 278, 246 foron curados, e o 94,96 % superaron a enfermidade nas propias residencias, e por desgraza houbo 32 falecidos, con patoloxías previas. Continúa dicindo que o 100 % dos traballadores e o 100 % das persoas con discapacidade superaron a enfermidade, e o 82,43 % dos maiores

tamén superaron a enfermidade; e os 32 falecidos, todos eles con patoloxías previas como xa indicou, son o 0,62 % das 5192 persoas (residentes e traballadores) que integran a Fundación San Rosendo. Di que se observou unha menor incidencia da pandemia nas residencias do rural, como é lóxico, un modelo de centros polo que esta deputada xa apostou no debate sobre o estado da provincia, ao que o Grupo Socialista non asistiu, polo que non tiveron ocasión de escoitar a súa proposta, na que propuxo, e foi aceptado por este Pleno, un plan piloto de vivendas colaborativas no rural, para fomentar unha boa terceira idade para os nosos maiores e tamén para fomentar o emprego. Di que a Fundación San Rosendo conta en Galicia con 3057 prazas, o 15,30 % das case 20.000 que hai en Galicia; e o índice de mortalidade vinculada ás residencias de maiores en Galicia é do 1,37 %, o antepenúltimo posto no ranking de CCAA, e no caso concreto da Fundación San Rosendo é do 1,05 %. Engade que non hai que esquecer o 94,65 % dos traballadores e usuarios que non padeceron o COVID 19. Di tamén que os servizos médicos do CHUOU estiveron en todo momento supervisando as residencias. Di que á vista destes datos a Fundación San Rosendo non o debeu facer tan mal, e lembra que o Goberno non lle deu máscaras de cara a ninguén, non conseguiu comprar test a tempo e todas as compras que facían viñan defectuosas, e se todo isto sucedeu ao nivel estatal, hai que imaxinar a dificultade que a nivel local ou provincial tivo o facer este tipo de compras. Di que no punto 1º da moción propónse instar ao Parlamento de Galicia a crear unha comisión de investigación sobre a xestión nas residencias da terceira idade dos contaxios e falecementos por mor da crise da Covid-19, e dende logo que hai que investigar, pero que ten que facer as comisións de investigación e facer autocrítica é o Goberno de España, porque estabamos dentro dun mando único e este foi un problema global de todo o país e das dezasete CCAA. No 2º punto da proposta se propón instar á Xunta de Galicia a presentar un informe no Parlamento de Galicia onde consten as accións realizadas ata o momento nas residencias da terceira idade así como os expedientes abertos, e as sancións aplicadas ante posibles incumprimentos, e di que está totalmente de acordo e que entende que así se fará, porque é necesario mellorar as cousas e o idóneo é que non houbese ningún falecido en ningunha residencia de maiores de España. E en terceiro lugar na moción se propón instar á Xunta de Galicia a dotar a todos os profesionais das residencias de maiores de equipos de protección (EPIs), así como a realización de probas PCR ao persoal e a internos das residencias, co que esta de acordo, pero durante a pandemia a responsabilidade foi do Goberno da Nación e cando viron que non eran capaces volveron a pasarlle a pelota ás

CCAA. Di que noutros apartados da moción se propoñen medidas de mellora das condicións das residencias, e está de acordo con esas medidas, pero iso era o que o Grupo Socialista tiña que traer como propostas de acordo, e deixarse de comisións de investigación. Di que o Grupo Socialista ven a propoñer unha comisión de investigación do que lle interesa para poder facer campaña, que é o motivo polo que o fan. Di que cando o Grupo Socialista deixe de utilizar aos falecidos e sexan serios e queiran traballar de verdade para mellorar as residencias, terán o seu apoio, pero esta proposta lle parece electoralista e un despropósito nos momentos que estamos a vivir, cunha grave falla de datos, polo que remata pedindo ao Grupo Socialista que veñan aquí a construír e non a destruír, e que non fagan máis dano do que xa causou a pandemia, porque en política non todo vale.

Don Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do BNG, di que en xeral está de acordo con esta moción do Grupo Socialista, e cre que como sociedade deberíamos reflexionar sobre o que está a pasar coas residencias de maiores. Di que en xeral, de acordo cos datos e a estatística, as residencias públicas funcionaron mellor que as privadas, aínda que non se pode reducir todo a datos e estatísticas que ás veces nos poden levar a engano sobre as cuestións de fondo. Di que tivo coñecemento da problemática da residencia San Carlos a través do alcalde de Celanova, e cónstalle que tanto a residencia como o concello se sentiron abandonados polas administracións superiores, e cónstalle que pediron axuda tanto á Xunta de Galicia como á Subdelegación do Goberno, e de feito o alcalde comentoulle que o día que veu a UME pensaba que irían entrar dentro e facer algo máis do que era a desinfección. Finalmente, neste caso buscou a solución da residencia dos Remedios en Baños de Molgas, pero houbo momentos moi críticos cunha necesidade imperiosa de axuda que non lle trasladaban dende outras administracións. Di que é certo que a incidencia da pandemia en Galicia foi menor que noutros sitios, pero tamén o é que no caso de Galicia a enfermidade chegou máis tarde, por casos importados de Madrid e Cataluña, nun momento no que xa se estaban adoptando medidas ao respecto, o que unido á nosa dispersión de poboación limitou a transmisión da enfermidade; pero máis aló disto cre que é interesante facer unha análise da situación, pensando en ter o mellor modelo de atención aos maiores de cara ao futuro, e cre que esa análise debe facela o Parlamento de Galicia cando se constituía. Con respecto ao que se pide no punto 2º en canto á dotación de material e medios aos profesionais, espera que iso estea resolto a estas alturas, porque senón temos un problema, e con respecto aos test PCR cre que o que debe garantirse e a súa inmediata realización en caso de rebrote, porque o que

pasou, pasou, e cre que a pandemia, na primeira fase, colleunos a todos desprevidos e cre que dende cada instancia todo o mundo tentou facelo o mellor posible, ou iso quere entender. Pide que se tome en consideración esta moción e se faga un estudo do que aconteceu para que aquilo que pode resolverse non volva a suceder. Di que existen informes por parte do Consello de Contas de Galicia que xa no 2018 puñan en cuestión certas incidencias nas residencias de xestión privada de Galicia, e sería interesante saber como se resolveron esas incidencias para que non volvan suceder. Remata dicindo que non se trata de criminalizar a ningunha entidade, e comenta que no seu concello tódalas residencias xestionaron con éxito a situación, e anuncia o seu voto a favor da moción, dado que considera que debe facerse ese estudo para mellorar a xestión desta problemática no futuro.

Don José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de DO, di que lendo a exposición de motivos da moción obsérvase que nela se fala de que nas coordenadas psico – sociais contemporáneas toda unha vida produtiva que contribuíu ao ben común é esquecida ao entrar nas residencias de maiores, fala dunha perspectiva deshumanizadora, da tendencia á privatización dos servizos, dun negocio forzado sobre a redución de custes laborais, dun modelo monetarista en Galicia, das malas condicións laborais nas residencias... o que pon sobre a mesa un debate lexítimo sobre o modelo de xestión, pública ou privada, destas residencias, e a isto nada ten que obxectar, e mesmo el ten certa tendencia a favor do público; pero no que a moción descarrila é cando fala do modelo privatizador como factor de risco das mortes por COVID 19, ou cando fala de que a maior porcentaxe de mortes tivo lugar en residencias privatizadas, co que se está a criminalizar un modelo de xestión, algo que considera inadmisibile. Di que tamén na moción se di, empregando a terminoloxía de Marcel Mauss, que a pandemia é un feito total que convulsiona ao conxunto da sociedade, algo que comparte, ao igual que comparte o dito polos voceiros de C's e do BNG, en canto a que esta crise superounos a todos, e como dixo o Sr. Varela, ninguén fixo nada mal a posta. Peor engade que a moción perde a súa talla moral ao facer política dunha desgraza, reconducindo o feito da pandemia a unha criminalización dun determinado modelo de xestión. Di ademais que na moción hai erros, como cando se acusa á Xunta de Galicia de ocultación de datos e de manipulación das estatísticas das mortes nestes centros, e así na moción fálase de 132 mortos con datos do mes de maio, de 132 falecidos oficiais aos que en realidade habería que sumar 140 ou 142 mais vinculados ás residencias, o que daría un total de 272 falecidos; pois ben, o 24 de xuño os datos oficiais do Ministerio de Sanidade falan, en Galicia, de 274 falecidos,

dous falecidos máis dos que o Sr. Rodríguez Villarino di que son os datos reais. Di que como expuxo a voceira de C's, en Galicia a porcentaxe de falecidos en residencias sobre o total foi do 44 %, o que sitúa a Galicia no posto número doce do ranking de CCAA, habendo comunidades como Castela e León, Castela – A Mancha ou Navarra con cifras moito peores, polo que neste senso a situación de Galicia non da motivo para unha actuación especial como pode ser unha comisión de investigación. Di que a maior incidencia do virus nas persoas maiores é unha evidencia, como poñen de manifesto os datos do Ministerio de Sanidade, e con independencia de que as residencias sexan de xestión pública ou privada. Di que ademais a alarma polo sucedido nas residencias de maiores non é exclusiva do noso país, e que a prensa de EEUU, Canadá, Italia ou Francia faise eco, a diario, de novas sobre estas cuestións, e o propio director xeral da OMS para Europa conformaba que a metade dos falecidos por COVID 19 en Europa vivían en residencias de maiores, e un estudo da London School of Economics en varios países europeos, feito público o 17 de abril, daba entre un 33 e un 64 % de falecidos de residencias de maiores, con independencia da súa xestión, ata o punto de que a propia OMS cualifica este feito de traxedia polos miles de mortes en residencias de anciáns. Cita un artigo publicado hai tres días en *La Vanguardia* por un investigador do hospital Vall d'Hebrón no que se analizaba se unha microbiota intestinal sa nas persoas maiores podería ter evitado ás mortes por coronavirus e no que se analizan as causas das mortes nas residencias de forma científica e dende logo esas causas nadan teñen que ver co modelo de xestión. Di que o propio Goberno central publicou o 5 de marzo un documento técnico coas recomendación a seguir nas residencias, e o que hai que facer é seguir esas recomendacións técnicas. Polo tanto, estamos ante unha cuestión que, primeiro, é unha desgraza, segundo, colleunos a todos por sorpresa, terceiro, imos partir de que ninguén actuou de mala fe no coidado dos nosos maiores, cuarto, isto foi dirixido dende o Goberno central e, quinto, non lle podemos botar ao COVID a culpa de todo, e non pode utilizarse esta desgraza para facer unha causa política, polo que o seu grupo votará en contra desta moción.

Don Rosendo L. Fernández Fernández, portavoz do Grupo Popular, di que o Sr. Rodríguez Villarino trouxo aquí un relatorio político que estaría moi ben para unha comisión como a de reconstrución que ten lugar nestes días no Congreso dos Deputados. Aclara que unha pandemia é un problema de saúde pública, e require unha xestión, e di que a política de xestión nacional de saúde pública é nula. Di que o Sr. Rodríguez Villarino deu moitas cifras, pero omitiu algunhas, que ten que lembrarlle, e así resulta que o Goberno central fala de

28.000 falecidos polo COVID, pero o Instituto de Saúde Carlos III e o INE falan de 48.000, e polo tanto non entende que ante isto lle veña agora con cifras. Di que o Sr. Rodríguez Villarino falou de que a UME desinfectou o centro de San Carlos, e lembra que o alcalde de Celanova está no padroado da residencia, e polo tanto, algo tería que dicir, e pregúntalle se sabe cantas residencias desinfectou a Deputación. Di que dende o inicio da pandemia a Xunta de Galicia adoptou as medidas oportunas, e tanto é así que a estratexia seguida pola nosa comunidade para deter a transmisión do virus foi logo replicada noutras CCAA, e lembra que Galicia foi, xunto con Canarias, a primeira en abandonar o estado de alarma, cando calquera que oíse ao Sr. Rodríguez Villarino diría que aquí arrasou a pandemia. E incluso antes da declaración do estado de alarma, en concreto o 13 de marzo, Galicia xa contaba cun protocolo para os centros de atención e servizos sociais, unha semana antes de que o Goberno central publicase os seus criterios a nivel nacional. Lembra ademais que existía un mando único e que o responsable en materia de residencias era o vicepresidente primeiro do Goberno para asuntos sociais, o Sr. Iglesias, e pregúntase se chegaría a pisar algunha residencia. Di tamén que Galicia puxo en marcha as primeiras residencias integradas, a da Porta do Camiño en Santiago e a de Baños de Molgas, días antes de que outras CCAA, como Aragón, o País Vasco ou Valencia tomasen ese mesmo modelo, e Galicia tamén anticipouse na intervención de residencias privadas, antes de que o fixeran outras CCAA, e reforzouse con 1013 profesionais o persoal das residencias, centros de día e centros de educación especial. En Galicia conseguíronse as subministracións de material sanitario, ese que pide agora o Grupo Socialista, cando o Goberno central non o conseguira tras centralizar as subministracións, polo que o PSOE fala dunha cousa e fai outra; e Galicia realizou as probas de detección de COVID o 100 % de usuarios das residencias, e pregúntase por que o Sr. Rodríguez Villarino omite estes números, respondendo que é porque ven aquí a facer un debate político, e non estamos para iso. Pregúntase tamén cal foi a xestión do mando único cando Galicia facía as probas a tódolos usuarios da residencias, e di que tivo que ser unha xestión teórica. Di ademais que a Xunta sempre deu os datos das residencias conforme ao modelo establecido por Madrid, e Madrid a día de hoxe segue sen dar os datos do conxunto do Estado, polo que non entende que o Sr. Rodríguez Villarino veña aquí a pretender dar leccións de transparencia, e pídelle un pouquiño de moderación. Di que en todas España e Europa as residencias de maiores foron os lugares máis afectados, e que segundo todos os datos as residencias de Galicia resistiron mellor que noutros sitios, pero o Sr. Rodríguez Villarino ven

aquí a masacrar. Subliña que Galicia foi a cuarta comunidade menos afectada neste aspecto, a pesar de ter un 25 % de poboación maior de 65 anos, e por tanto unha maior vulnerabilidade. Engade que en Galicia o 80 % dos falecementos en residencia concentráronse en doce centros, é dicir, o 2,5 % do total de centros que hai en Galicia, o que significa que a gran maioría das residencias funcionaron de xeito admirable. Sobre a intervención das residencias en Ourense, di que se fixo con criterio sanitarios e de forma inmediata cando, de acordo con eses criterios, se revelou necesaria, e subliña que esas intervencións non teñen un horizonte temporal marcado e non é necesario que o Grupo Socialista lle dea leccións á Xunta neste aspecto; e sobre as inspeccións, o compromiso do Goberno galego a ese respecto é incluso anterior á pandemia, porque foi aprobado en xaneiro de 2020. Lémbrale ao Sr. Rodríguez Villarino que o primeiro envío de máscaras de cara do Goberno central a Galicia non chegou ata ao 13 de abril, un mes despois de iniciado o estado de alarma, e o segundo o 7 de maio, polo que o feito de que o voceiro socialista veña aquí a dar leccións é penoso, por non dicir outra palabra.

Don Rafael Rodríguez Villarino, portavoz do Grupo Socialista, di que está bastante claro quen estamos aquí e por que. Di que na súa primeira intervención nin sequera nomeou á Fundación San Rosendo, pero polo visto a voceira de Ciudadanos é a quen representa, e non tivo nada que dicir da residencia San Carlos ou de Nosa Señora de Fátima ou de Nosa Señora da Esperanza porque non sabe nada ao respecto, como non sabe nada do contido da moción, e ela ten todo o dereito do mundo a expresar o que queira, pero non vai perder o tempo en persoas que non aportan nada. Di que en ningún momento a moción pretende criminalizar a ningunha entidade, nin á Fundación San Rosendo, con cuxa responsable de comunicación ten contacto e que é unha persoa bastante máis razoable que o que ve aquí, e sobre todo ten contacto cos familiares dos residentes, que se non están hoxe aquí é porque non o permiten as condicións de seguridade, e nese caso os deputados terían ocasión de escoitar algunhas cousas máis e non só un debate político. Di que o asunto que tratamos son tres residencias concretas. Pregúntase por que lle teñen alerxia ás comisións de investigación, que cre que hai que facelas polo ben común. Cita datos oficiais da Xunta de Galicia de 2018 segundo os cales a Fundación San Rosendo non ten actualizados os datos do seu cadro de persoal dende 2011, e figuran como coidadores traballadores que carecen de cualificación e traballan en servizos xerais, e que figuraban dúas prazas de médico que están como voluntarios, non contratados, e unha praza de psicólogo que non existe, e unha de traballador social que tampouco existe, e máis cousas, e pregúntase que pasa con isto. Dille ao

Sr. Fernández que non lle fale do PSOE, que non se trata de facer unha causa contra ningún partido nin de dar resposta aos partidos, senón aos familiares, e para iso fanse as comisións de investigación, ante feitos gravísimos que non poden volver a pasar, porque en Divino Maestro morreu xente, e tamén en San José, 47 persoas só nesta cidade, pero de que estamos a falar e a quen defenden o Sr. Fernández ou o portavoz de DO que ata falou de cousas como unha dieta microbiota, e dille ao Sr. Caride que non vale encher o espazo lendo calquera cousa atopada nunha revista para vir aquí a soltalo, porque hai que ter opinión propia, e pídelle que non defenda o modelo privado porque o 98 % dos falecementos foron en residencias privadas, e a causa é a falla de persoal e a cantidade de xente que está a facer funcións que non lle corresponden ou prácticas como as de levantar á xente ás 5 da mañá para que dean feito, rompéndolle os biorritmos a todos eles. Pero diso o Sr. Caride non fala, porque non sabe.

Dona Monserrat Lama Novoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía di que non é que ela nomee á Fundación San Rosendo, é que na páxina 2 da moción cítase expresamente, e ademais as residencias que nomeou o Sr. Rodríguez Villarino son da Fundación San Rosendo, polo que os seus comentarios ao respecto non teñen sentido. Dille ao Sr. Rodríguez Villarino que o vai ignorar, a el e aos seus comentarios, e advírtelle que non lle diga que non sabe nada do que sucedeu nas residencias, porque un familiar seu faleceu nunha residencia, e polo tanto non admite que veña a darlle leccións de nada, nin a creerse superior aos demais, porque é o deputado máis lamentable que nunca pisou esta Deputación e o tempo e os seus propios compañeiros acabarán por poñelo no seu sitio. Sen prexuízo disto, concorda en que hai que revisar o modelo das residencias, na liña do que ela mesma defendeu no debate sobre o estado da provincia, e iso implica analizar e estudar a súa problemática. Pide altura de miras nesta situación, e di que aínda que mudara o mandato da Corporación segue a haber as mesmas persoas maleducadas e machistas neste salón de sesións, pero por fortuna no Grupo Socialista hai persoas doutro corte e a eles será aos que se refira no sucesivo.

Don Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do BNG, di que na súa exposición anterior fixo sempre referencia ás propostas de acordo da moción, que era o que pensaba que se ía debater neste pleno, e que mantén o seu apoio á moción polas razóns xa expostas. Dille ao Sr. Fernández Fernández que aínda que houbera un mando único, a Xunta de Galicia conservaba as súas competencias, e o feito de que existise un mando único non eximía ao resto de administracións públicas da obriga de seguir tomando decisións no seu

ámbito de actuación, porque ademais se non fose así isto sería ingobernable. Insiste tamén en que o alcalde de Celanova trasladoulle no seu día a dificultade que tivo para conseguir colaboración no caso da residencia de San Carlos, tanto por parte da Administración estatal como da autonómica. Remata dicindo que cre que é preciso aprender da experiencia desta crise para evitar que se produzan determinadas situacións no futuro, e que esa é a razón do seu apoio a esta moción.

Don José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de DO, di que o Sr. Rodríguez Villarino dixo que había que facer a comisión de investigación no Parlamento porque hai que investigar feitos gravísimos que non se poden volver repetir e que morreu moita xente nas residencias, e retrúcalle que a ver se se decata de que o que matou á xente foi o virus. Ante a reacción do Sr. Rodríguez Villarino ante esta última afirmación, dille que pode rir se quere, e repróchalle que lle criticara por ler un artigo científico, e dálle lectura a un pasaxe dese artigo no que se conclúe que a mortalidade nas residencias de anciáns obedece á maior letalidade do virus en persoas de idade avanzada, e isto é unha explicación científica e non se debe facer política con este asunto, e menos aínda ao mesmo tempo que se pide altura moral e ética, porque utilizar as mortes por coronavirus nun debate político non ten altura nin moral nin ética. Pídelle ao Sr. Rodríguez Villarino que preste maior atención ás súas intervencións, e dado que segue a rirse, dille que el tamén estudou psicoloxía e cre que a súa risa é un mecanismo de autodefensa para reducir o medo e a tensión emocional resultante do padecemento dunha disonancia cognitiva, interrompendo o Sr. Caride o seu discurso ao non entender unha das palabras das súas notas, o que provoca a risa dos asistentes á sesión e do propio Sr. Caride, que aproveita a situación para dicirlle ao Sr. Rodríguez Villarino que grazas a el, con esa risa ven de descargar toda a tensión anímica que tiña acumulada. En todo caso, di que lamenta que o debate chegase a este punto, e di que tamén el perdeu un familiar falecido nunha residencia, e non por iso ven aquí a pedir explicacións, porque é consciente de que a causa do problema é un maldito virus que nos está a fastidiar a vida, e esa é a realidade e non debe facerse política con esa triste realidade.

Don Rosendo Luis Fernández Fernández, portavoz do Grupo Popular, dille ao Sr. Varela López que no caso da residencia San Carlos de Celanova quen resolveu o problema os final foi a Xunta de Galicia, e insiste en que o concello de Celanova forma parte do padroado da residencia, polo que algunha responsabilidade terá ao respecto. Di tamén que o mando único do Goberno será para algo, e o propio vicepresidente do Goberno dixo o 22 de marzo

que se algunha residencia tivese problemas o Goberno central acudiría ao rescate co exército. Dille ao Sr. Rodríguez Villarino que non se pode negar o carácter político desta moción, na que se insta á Xunta e ao Parlamento de Galicia, que son institucións políticas. Di que houbo contaxios en residencias, en vivendas particulares e incluso no pazo da Moncloa, e o Goberno central dicía que faría o que fixese falla, onde fixese falla e cando fixese falla, e ao final non fixeron nada, mesmo dicían que só mandarían ao exército, e Galicia tivo que enfrontarse á pandemia nas residencias sen contar co apoio do Goberno central, e as únicas ordes que se lle deron aos militares foron que había que desinfectar os centros cando se puidese, e dille ao Sr. Rodríguez Villarino se é que requiriu verbalmente ao Sr. Subdelegado do Goberno para que enviase a UME a Celanova, porque o Sr. Rodríguez Villarino soe facer requirimentos verbais. Di que a deixación de funcións por parte do Goberno central chegou ao extremo de que a Xunta tivo que subministrar todo o material e EPI's, así como facer as probas a tódolos residentes, o que en principio ía facer o Goberno central, e engade que o Sr. Rodríguez Villarino pódese seguir rindo, pero dos seus estudos de psicoloxía cando estudou a carreira de medicina lembra que ese é un mecanismo defensivo, aínda que o Sr. Rodríguez Villarino, que seguramente sabe máis do asunto, non estará de acordo. Di que as residencias de persoas maiores non son centros sanitarios, senón recursos que se proporcionan ás familias que non poden atender aos maiores no se fogar, e os usuarios que están nas residencias seguen a ter o dereito á asistencia sanitaria e a tódolos seus recursos, e isto con independencia de que haxa que darlle unha voltaña á situación de moitas residencias, tanto públicas como privadas, porque como médico visitou tanto residencias públicas como privadas e o Grupo Socialista está a demonizar as residencias privadas por razóns ideolóxicas. Di que, como indicou na intervención anterior, Galicia ten un 25 % de poboación maior de 65 anos, pero non obstante foi a comunidade cun menor número de defuncións por número de contaxios e foi a primeira comunidade autónoma que deixou o estado de alarma; e se Galicia tivese a mesma incidencia letal que outras zonas de España, en vez de 632 falecidos excederíamos os 2000, polo que non o fixemos tan mal. Exhibe un recorte de prensa do *The Economist* no que se afirma que a xestión da pandemia de Sánchez foi un desastre, a peor xestión en comparación co resto de países. Remata pedindo ao Grupo Socialista que non banalice cos falecidos, dicindo que hai 28.000 cando institucións como o Instituto de Saúde Carlos III ou o INE din que hai 48.000.

Don Rafael Rodríguez Villarino, portavoz do Grupo Socialista, dille ao Sr. Caride, e tamén ao Sr. Alvarez Dobaño, que tratará de non sorrir no sucesivo, se coñece que a súa

agresividade sae por aí, que lle imos facer. Dille á Sra. Lama que non a critica persoalmente, senón porque non traballa as mocións, e pídelle que non se escude no machismo como argumento de defensa cada vez que algo non lle sae ben e utilice argumentos en vez de vir aquí a soltar un discurso que non cola. Di que o máis importante aquí son os argumentos, e que non hai que terle medo ás comisións de investigación, que non van contra o PP nin contra unha fundación concreta, senón que falan de lugares concretos onde pasan cousas que non ocorren noutros, nin máis nin menos, ou, hai algo que ocultar? Di que no caso de Celanova chamou el persoalmente ao subdelegado do Goberno cando soubo que quen estaba recibindo información nesa vila sobre a situación era o ex – alcalde do Partido Popular, no canto de recibila o propio alcalde do concello. E con respecto á UME, acudiu inmediatamente, ao día seguinte de ser avisada, e nisto ten que desmentir o dito polo voceiro do BNG. Pregunta se saben que agora mesmo, aos familiares que van visitar aos residentes na residencia San Carlos estalles a dar batas usadas, e pregúntase se iso é admisible, ou se saben que en Nosa Señora de Fátima non están a sacar aos maiores dependentes por medo a que se contaxien, o que provoca que se estean a deteriorar, ou que na residencia Porta do Camiño saíu un protocolo que prohibía que os dependentes de grao 2 e 3 fosen atendidos nas residencias integradas, como é público e notorio, e ante situacións como estas non queren investigar, senón facer barullo como fixo o portavoz de DO. Pregúntalle á voceira de C's se vai apoiar a comisión de investigación, como fixo o seu compañeiro no concello, ou se vai votar en contra.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 7º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 7º](#)

Non se producen máis intervencións, someténdose o asunto a votación, rexistrándose 9 votos a favor (Grupo Socialista e do BNG) 14 votos en contra (Grupo Popular e de DO) e 1 abstención (Grupo de C's – Partidos de la Ciudadanía) polo que non se aproba a moción.

8º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR E DEMOCRACIA OURENSANA PARA ESIXIR A DIMISIÓN DO DEPUTADO RODRÍGUEZ VILLARINO POLOS SEUS ATAQUES A AUTÓNOMOS E PEMES DA PROVINCIA DE OURENSE, E O CESE DO SUBDELEGADO DO GOBERNO POLA SÚA FALTA DE TRANSPARENCIA E ACTUACIÓNS VICIADAS DE PARTIDISMO

A Presidencia cede a palabra aos voceiros do Grupo Popular e do Grupo de DO para que expoñan o contido da súa moción.

Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que, humildemente, espera non suscitar as gargalladas do señor que todo o sabe, do *profe gruñón*, como o cualificou nunha ocasión, en referencia ao Sr. Rodríguez Villarino, que sabe o que sabe pero de respecto, nada, e que por el pode rirse todo o que lle pete. Di que o habitual nunha moción é argumentar unha proposta que se somete á consideración da Corporación, pero hoxe non vai argumentar, senón facer un resumo dos acontecementos que se expoñen na moción, para que a cidadanía saiba por que pedimos a dimisión e o cese de dous cargos públicos e para que así conste na acta para a historia desta Deputación e da provincia. Di que con 132 falecidos, a Corporación provincial declarou o loito oficial na provincia co voto a favor de tódolos grupos políticos, agás o Grupo Socialista. Di que o goberno provincial constituíu o Comité do Día Despois xa no inicio do estado de alarma, para planificar a reconstrución económica da man dos autónomos e dos empresarios, que son os que crean riqueza e benestar no territorio. En sesión extraordinaria de 29 de abril o Pleno aprobou a concesión de axudas directas a autónomos e pemes dos noventa e un concellos da provincia menores de 20.000 habitantes, axudas para inxectar liquidez coa mínima burocracia e compatibles con calquera outra, e o Grupo Socialista nin votou a favor das mesmas nin tampouco cuestionou a súa legalidade. Di que nun exercicio de ruindade, ao que xa nos ten acostumados o portavoz do Grupo Socialista buscou a maneira de torpedear toda a acción programada por esta Deputación, pensada sempre en para o interese xeral dos cidadáns desta provincia, e está moi claro que o portavoz socialista non pensa en Ourense, como así o demostrou nun documento de 26 de marzo no que propón quince medidas para facer fronte aos efectos da pandemia pero no que non aparecen para nada as palabras “autónomo” ou “empresa”, e no propio concello da capital, onde é concelleiro, non deixou de poñer trabas ás axudas aos autónomos. Di que tampouco lle estraña esa actitude do Sr. Rodríguez Villarino, que vai na liña dos motivos que xustificaron a súa reprobación por este pleno o pasado 20 de decembro de 2019, pola súa desprezable práctica política de manipulación, mentira e insulto, e así consta no acordo. En todo caso, quere deixar claro que fala sempre do portavoz socialista, pois amosa o seu máximo respecto ao PSOE, aos seus militantes, electores e simpatizantes que traballan en positivo, que son a maior parte. Di que fala dunha persoa que practica unha política talibán, cruel, que mesmo

leva á deriva ao seu partido, por exemplo, con decisións como a de non comparecer no debate sobre o estado da provincia, unha irresponsable deixadez de funcións e unha traizón aos votantes socialistas, que quedaron sen voz nin propostas nesas debate; e esa mesma actitude levoulle a votar en contra dun acordo adoptado de forma unánime pola FEGAMP, para que os gobernos locais de España puidesen utilizar os seus remanentes orzamentarios para mellorar as condicións de vida da veciñanza, e para que, como anunciou a ministra de Facenda, non se quede con eses aforros o Goberno central. É dicir: o Sr. Rodríguez Villarino votou en contra dos concellos da provincia, logo contra os autónomos e pemes e despois tampouco apoiou a creación nesta deputación da comisión Ourense Futuro, que dará voz nesta Corporación ás propostas da sociedade civil. Catro grupos desta Corporación a favor de Ourense, e o portavoz do Grupo Socialista de novo á marxe dos intereses de Ourense. Engade que, non contento con isto, o portavoz socialista instigou un uso partidista das institucións do Estado para atacar a Ourense, nomeadamente á Subdelegación do Goberno, e tendo como cooperador ou socio necesario ao subdelegado do Goberno, que mágoa, vivir para ver: un subdelegado do Goberno que, arrastrado por esta deriva política, que remedio tivo, tamén tentou boicotear con certas inspeccións, lamentablemente, unha das accións da Deputación mellor valoradas nesta pandemia: o centro loxístico do Paco Paz, por onde pasaron máis de 3.000 profesionais das forzas e corpos de seguridade, persoal sanitario e de distintos servizos públicos esenciais, etc..., e mesmo se di que advertiu a determinados efectivos dos corpos de seguridade do Estado que non utilizaran este servizo, aínda que quere pensar que non foi verdade. E o penúltimo capítulo desta traxicomedia, porque imaxina que non será o derradeiro, foi o máis grave, pois a Subdelegación do Goberno puxo en marcha unha revisión da legalidade das axudas a autónomos e pemes habilitadas por este goberno provincial, axudas similares ás postas en marcha en toda España pro deputacións e concellos, e pregúntase por que entón o subdelegado do Goberno se subordina a un cargo público que pretende boicotear ao PP alí onde governe e que o único que consegue é boicotear a Ourense. Di ademais que o fan ás caladas, pola porta de atrás, con absoluta falla de transparencia, porque no caso desta deputación non se nos deu trámite de vista e audiencia no expediente de revisión da legalidade, porque non sabemos – por fin hoxe si – quen promovera este expediente e cales son as verdadeiras razóns da súa incoación. Di que en política hai liñas vermellas, non vale todo, e a veciñanza de Ourense non merece representantes políticos tan sectarios, que poñen en risco axudas tan necesarias por puro interese electoral ou control dunha organización

política. Por todo o exposto, o Grupo Popular, xunto co Grupo de DO, propón esixir a dimisión como deputado provincial e como concelleiro no Concello de Ourense do portavoz do Grupo Socialista, Rafael Rodríguez Villarino, xa reprobado por este pleno en decembro de 2019, pola súa actitude destrutiva, especialmente contra os autónomos e PEMES da provincia de Ourense; e igualmente solicitarlle ao Goberno de España o cese do subdelegado do goberno en Ourense – e conste que cre que é unha mágoa, porque o considera unha boa persoa - pola súa falla de transparencia e ocultación de documentación no expediente que cuestiona as axudas a autónomos e PEMES, aprobadas polo pleno desta Deputación Provincial. E para que todos o saiban, remitiráselle este acordo ao presidente do Goberno de España; aos alcaldes e alcaldesas de todos os concellos da provincia de Ourense; ao presidente da FEMP; ao presidente da FEGAMP; aos presidentes/as das confederacións empresariais de España, de Galicia e de Ourense; aos/ás presidentes/as das organizacións de autónomos a nivel nacional, autonómico e provincial; a todas as asociacións empresariais de Ourense, tanto a nivel provincial comarcal, como local de calquera dos 92 concellos de Ourense, para facer así a os Sr. Rodríguez Villarino máis famoso, pero non por ben.

Don José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de DO, di que lendo a transcripción da acta do pleno extraordinario de 29 de abril de 2020 (entre paréntese, aproveita para felicitar ao señor secretario porque realmente máis que facer unha acta fai un auténtico diario de sesións, cun traballo encomiable e xeneroso, máis de noventa folios de acta, cando noutros lugares se fai un simple resumo dos debates) lendo a dita transcripción no punto 3º, que era a convalidación do decreto da Presidencia nº 2020/2813, de aprobación da modificación de créditos nº 2/2020, na súa intervención o Sr. Rodríguez Villarino dixo que cría que estabamos nun novo tempo no que, ante todo, debía primar a cooperación entre tódolos grupos, e o que bota en falla é que non se consultase antes esta proposta, á marxe de que nalgúns aspectos semella acertada e mesmo concorda con algunhas das medidas que o seu grupo solicitase nun escrito de 27 de marzo; e no que atinxe ao punto 4º daquel Pleno, no que se aprobou inicialmente a modificación orzamentaria nº 3/2020, na que se dotou o crédito orzamentario para estas axudas a autónomos, na primeira intervención do Sr. Rodríguez Villarino di que reitera a disposición do seu grupo a colaborar co goberno provincial, e que para iso sería necesario integrar nun grupo de traballo a todos os grupos da Corporación con este fin; non obstante, e lendo con calma, un acaba descubrindo cale era a finalidade real

manifestada polo Sr. Rodríguez Villarino, porque cando se toca o tema concreto das axudas a autónomos, dixo que botaban en falla un informe de secretaría sobre estas axudas porque non vaia ser que logo sexan ademais incompatibles coas que vaia dar logo a Xunta e o Estado, e as bases, que aínda non estaban feitas, deberían asegurar iso, non fose ser que logo a xente tivese que devolver estes cartos con xuros; e chegados a este punto empezan a entenderse as cousas cando chega á súa man unha documentación da Subdelegación do Goberno onde o secretario xeral da Subdelegación notifica e pide ao xefe da avogacía do Estado en Ourense que se proceda a emitir un informe de legalidade, dado que se realizara un requirimento verbal ante a Subdelegación acerca da legalidade das bases por parte do representante legal do PSOE na Deputación, o que deu lugar, segundo o informe do avogado do Estado, ao inicio dun expediente de revisión da legalidade dos acordos de aprobación das bases, o que implica a entrada en funcionamento do mecanismo previsto nos artigos 63 e seguinte da Lei de bases de réxime local, o que determina a posibilidade de que os actos da Deputación, se entrasen en conflito coas competencias do Estado, fosen anulados pola Subdelegación ou impugnados na vía xurisdiccional contenciosa, o que, a xuízo do Sr. Caride, implicaría que en caso de que a avogacía do Estado emitise un informe desfavorable respecto da legalidade das bases as axudas poderían ser anuladas e automaticamente os beneficiarios terían que devolver os cartos. Reprocha ao Sr. Villarino que ao mesmo tempo que andaba nos medios reclamando que se pagasen as axudas aos autónomos prometidas por Jácome no Concello de Ourense andase a esculcar na Subdelegación de Goberno posibles ilegalidades nas axudas a autónomos da Deputación. Subliña o Sr. Caride que este é o único caso en toda España no que unha subdelegación do Goberno investiga a legalidade dunhas axudas a autónomos dunha entidade local, e pon como exemplo as axudas convocadas por concellos como Lugo ou Ferrol. Di ademais que o Dereito é máis amplo que a Lei, porque ás veces a lei é inxusta e debe integrarse mediante a interpretación xurídica cos principios xerais do Dereito, e un destes principios é o principio de oportunidade, polo que ás veces a estrita legalidade debe ceder ante a oportunidade dunha decisión. Dende un punto de vista político, o que hai é miles que persoas que teñen necesidade de axuda e moitos deles a solicitaron e algúns xa as cobraron, e o Sr. Rodríguez Villarino vai á Subdelegación a ver se esas axudas poden ser ilegais, o que considera un acto de deslealdade coa institución e con toda a xente que está a esperar esas axudas, e o que non pode ser é que un político vaia deliberadamente contra a xente por mor dunha batalla política, e nese pulso político co goberno provincial pode haber danos

colaterais, porque agora mesmo estamos pendentes dun informe da avogacía do Estado que, se conclúe que hai colisión coas competencias do Estado, determinaría a anulación destas axudas, co que os autónomos de municipios de menos de 20.000 habitantes non poderán recibir as axudas e os que as percibisen terán que devolvelas grazas á marabillosa xestión do Sr. Rodríguez Villarino. Di que considera que esas axudas son legais, pero o Sr. Rodríguez Villarino creou unha situación de risco, poñendo unha bomba de relojería nos alicerces desta convocatoria de axudas, unha acción de cualifica como un acto de maquiavelismo político que é motivo máis que suficiente para pedir a súa dimisión.

Dona Monserrat Lama Novoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía, cre que o PP e DO erran ao presentas esta moción, en primeiro lugar, porque o Sr. Rodríguez Villarino non vai dimitir, e segundo porque en toda a moción noméase máis dunha ducia de veces ao PSOE e ao seu portavoz, o que é darlle demasiado protagonismo a un político de tan baixo nivel. Di que comparte a opinión de que a actuación do Sr. Rodríguez Villarino neste asunto foi lamentable, así como que o subdelegado do Goberno non debería ter utilizado ás institucións ao servizo do seu partido político, pero ao igual que pensa isto cre tamén que PP e DO están neste momento a ser cómplices deste circo. Comparte o fondo da moción, porque estamos a falar de axudas que miles de familias desta provincia necesitan, pero pide que non lle sigan o circo ao Sr. Rodríguez Villarino, porque xa haberá momento para estas cousas, porque agora é o momento de unírnos no bo sentido da palabra. Anuncia a súa abstención, porque, compartindo o fondo da moción, cre que esta non aporta nada neste momento e deberíamos a seguir coa folla de ruta que tiñamos ata agora.

Don Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do BNG, di que case preferiría non atoparse neste momento no salón de sesións, porque non lle atopa ningún sentido a esta moción, porque se poderá estar ou non de acordo coa postura do Sr. Rodríguez Villarino, pero sinceramente pregúntase se alguén cre que vai saír algo positivo ou negativo desta moción, que cre que só servirá para malgastar media hora do noso tempo en algo que dubida moito que a veciñanza entenda. Di que máis alá dalgún erro que hai na moción – onde se di que o Grupo Socialista votou en contra de que as entidades locais poidan utilizar a súa liquidez, o que foi certo respecto dunha moción do PP, pero nesa mesma sesión houbo unha moción de C's con ese mesmo obxecto na que o Grupo Socialista votou a favor, ou que se diga que o Grupo Socialista estivo en contra da Comisión Ourense Futuro, porque o que fixo foi absterse

– destaca o feito de que o PP e DO retiraran unha moción relativa ao papel das entidades locais en relación coa renda mínima vital, unha moción que bota de menos nesta sesión, e entende que retiraron esa moción para darlle máis relevancia a esta na que se pide que o Sr. Rodríguez Villarino dimita; engade que a dimisión do Sr. Rodríguez Villarino é algo que terían que considerar, de se lo caso, os seus compañeiros de partido e os seus electores, e polo tanto esta moción sobra, porque ademais xa é a segunda vez que se pide isto en pleno, e cre que con esta moción non estamos a desempeñar o papel que nos asignaron os veciños e veciñas de Ourense, porque da igual que se vote a favor, en contra, que nos absteñamos ou que nos ausentemos do salón de sesións para facer algo de maior produtividade social. Prega que no sucesivo se traian a este pleno propostas que nos poidan unir na solución dos problemas, porque unha moción como esta está, simplemente, fóra de lugar.

Don Rafael Rodríguez Villarino, portavoz do Grupo Socialista, di que a verdade é que o corpo pedíalle facer o mesmo que fixo o Sr. Presidente cando este pleno reprobouno por terlle ofrecido a unha pobre muller a posibilidade de obter un emprego indo a un hotel, pero nese caso sería igual de covarde que o Sr. Presidente cando non veu dar a cara, pero el vai dar a cara, porque quen tiña que dimitir é o Sr. Presidente, que ten aquí a peóns que seguirán a insultar día tras día en medios de comunicación que seguirán a facer o seu traballo, e todo iso vai redundar en contra súa. Di que o PP e DO están a tentar facer o único que poder facer contra el, que é quitarlle a reputación que eles xa fai moito que non teñen, porque están totalmente espidos e a súa credibilidade é cero, e esta moción retrata a quen a escribe, non a quen a padece, e vai ler o seu título, porque é ata de iletrado, esixir a “demisión”, como que a “demisión”?, e podería ser unha errata pero é que nos puntos de acordo tamén esta “demisión” e nas redes sociais está “demisión”, e o correcto sería “dimisión”, e por suposto que non vai dimitir porque, como ben dixo o voceiro do BNG, PP e DO non son quen para mandar no PSOE, e pregúntase que clase de autoridade pode ter o Sr. Presidente para pedir a súa dimisión cando herdou a Deputación do seu pai mediante 104 enchufes polos que o seu pai foi inculcado xudicialmente. Di que aquí falamos de información privilexiada e ademais delituosa, como é filtrar un acordo da Xunta de Goberno, e temos aquí ao alcalde de Ribadavia e ás alcaldesas de Boborás e Oímbra, que dese os seus facebook (oficiais, no caso de Ribadavia e Boborás, e persoal en Oímbra) anunciaron as axudas antes de prazo e ofrecendo a axuda dos concellos, e tanto as anunciaron que o mesmo día que saía a

convocatoria no BOP, ás 8 horas da mañá 28 persoas presentaran xa toda a documentación, e entre as 8:19 e as 10:04 outras 26, e entre as 10:06 e as 11:01 outras 52, e van 106, e así hasta 683, pero isto non foi suficiente, e isto con independencia de que houbera un erro administrativo, que eles non culpan ao señor secretario por isto, o que motivou que a media mañá moitas xestorías, agobiadas pola situación, empezaran a pedir as axudas para todo o mundo, pero o feito é que se presentaron 683 solicitudes antes do prazo, que é fóra de prazo, como se se tivesen presentado despois de vencido o prazo. Di que ao descubrir isto deu unha rolda de prensa na que o que dixo era que había que arranxar isto, porque esas persoas, privilexiadas ou non, ás que o goberno quixo axudar, non ten a culpa do problema no que os meteron, como tampouco terían a culpa, se é que as houbera, as persoas que quedasen fora por causa deses 683, e o que dixeron foi que se desen as axudas para uns e para outros. Di que na moción menten con descaro ao dicir que os socialistas non votaron a favor das axudas aos autónomos, e pregúntase como ían votar a favor se as aprobaron en Xunta de Goberno, e o que o Grupo Socialista fixo foi absterse na modificación de crédito na que ían moitas outras cousas, incluído o pagarlle a luz ao concello da Porqueira. Di que non votaron en contra da Comisión Ourense Futuro, senón que se abstiveron, e teñen un representante nesa comisión que a primeira medida que proporía para sacar adiante esta provincia sería botar ao PP e DO de aquí. Di que a falla de talla política é do goberno provincial, que pretende que acudan a un debate sobre o estado da provincia que é inútil, e o Grupo Socialista non vai ao que non lles prace, e con isto non traizoan a ninguén, pero traizoaríanse a eles mesmos se tomasen parte nesa pantasmada. Di que os deputados de PP e DO tiñan que dimitir todos, por traizoarse por pactar entre ambos partidos. Di que non lle falen de fraude electoral cando onde houbo fraude electoral foi na elección do Sr. Presidente como presidente do PP, igual que o houbo na súa elección como presidente da Deputación, cando era segundo suplente na candidatura dos deputados provinciais, e de aí pasou a deputado e presidente, é o que teñen as herdanzas. Di que machismo, abuso de poder e indecencia política foi o que fixo o Sr. Presidente cando ofreceu traballo a esa pobre muller, nunhas gravacións noxentas que todos podemos escoitar, e é o Sr. Presidente o que tería que ter dimitido daquelas, por decencia, ou polos contratos menores que están a fiscalizarse no Consello de Contas, e subliña que se dirixe ao Sr. Presidente porque o Sr. Álvarez Dobaño só é un peón que sairá agora a atizarlle, que é para o que está contratado, basicamente. Di que lle acusan de uso partidista dunha administración pública, e pregúntase que maior uso partidista dunha administración cabe que o dos enchufes

que hai na Deputación, e así o Sr. Álvarez Dobaño ten á familia aquí dentro, e o Sr. Pérez Pérez rematou os seus estudos en xullo de 2002 e en agosto xa estaba contratado na Mancomunidade das Terras de Celanova que presidía o seu pai, e despois ao ano seguinte ascendeu, e despois cando o deixou quedou a súa dona, e polo tanto, ¿quen ten que dimitir aquí? Di que se imos falar de decencia, aquí levamos trinta e catro anos de clientelismo, herdado e continuado, e di que levamos anos pelexando por un plan único para os concellos e non hai maneira, e esta é a única deputación onde pasa iso. Pregúntase como se lle pode acusar de uso partidista das institucións, cando o Sr. Presidente ilumina de azul a fachada da Deputación e cando recibe a xente pon carteis onde pon “Paixón por Ourense” e coas siglas “PP d G” para facer publicidade do seu partido político, e cun uso partidista continuo da web da Deputación, e xa van tres veces que a Xunta Electoral lle obrigou a quitar alusións ao PSOE e á súa persoa, queda unha cuarta vez e iremos á quinta porque o Sr. Presidente seguirá a facer partidismo nesta deputación, como fixo tamén manipulando a terceiras persoas, como a presidenta da Ceo ou da asociación de autónomos, alcumándoo de “anti – Ourense”, pero el non é “anti – Ourense” senón anticaciquismo. Di que o Grupo Socialista non está en contra dos autónomos, senón dos autónomos privilexiados, porque non hai autónomos de primeira e de segunda, todos son autónomos e hai que axudalos a todos. Engade que si o goberno provincial ten medo por se se fixo mal algunha cousa será por culpa súa, por facer mal as cousas, e di que el pode facer consultas onde lle dea a gana, só faltaría, e o que non poden é negarlle esa posibilidade.

Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que case se une ao que dixo o Sr. Varela – en referencia ao de non estar neste salón de sesións – pero en todo caso diralle algo ao señor profesor *sabelotodo*. Di que se hai que corrixir “demisión” e poñer “dimisión”, non hai problema. Di que lles acusou de estar espidos, pero quen está espido e o Sr. Rodríguez Villarino, porque o goberno provincial está aquí porque os puxeron os cidadáns, e o Sr. Rodríguez Villarino está aí porque o puxeron tamén, converteuse nin “nini”, nin alcalde nin presidente da Deputación, cando os deputados do goberno o son porque a xente votoulles, e o Sr. Rodríguez Villarino vai levar un desgusto máis cedo que tarde. En resposta ao cualificativo de ser un peón contratado, dille ao Sr. Rodríguez Villarino que veu para aquí porque lle deu a gana, e perdendo bastantes cartos, e non é peón de ninguén, senón compañeiro dos seus compañeiros e do seu presidente, e iso ata que lle dea a gana, e ao mellor

na parroquia do Sr. Rodríguez Villarino non pasa o mesmo. Con respecto á alusión aos seus fillos, di que non vai cualificar ao Sr. Rodríguez Villarino, pero todo o mundo pode imaxinar que adxectivo podería empregar. Da lectura ao documento da Subdelegación do Goberno no que se di que o representante do PSOE na Deputación formulou requirimento verbal para que se estudase a legalidade das bases das subvencións a autónomos (e sinala tamén que o Sr. Rodríguez Villarino ven de pedir un informe da Secretaría Xeral da Deputación sobre este asunto, preguntándose que é o que pretende) a raíz do que se pediu o informa ao avogado do Estado – ao que cualifica de gran persoa e gran xurista – que á súa vez solicitou que se requirise á Deputación a ampliación de información para poder informar ao respecto, información que o Subdelegado requiriu pero sen explicar cal era a orixe dese requirimento, e iso só ten un nome: manipulación e ocultación da información, aínda que a Deputación solicitase en dúas ocasións acceso ao expediente. Di que se vai presentar esta mesma moción en tódolos concellos da provincia, para que todo o mundo saiba quen é o portavoz do PSOE (que non o propio PSOE). Pregúntalle ao Sr. Rodríguez Villarino se pediu dende o primeiro momento axudas para autónomos e pemes, se votou a favor das axudas, se cuestionou a súa legalidade no pleno de 29 de maio, e por que gardou silencio todo este tempo, se é que se avergoña do feito, e por que pediu que se cuestionase a legalidade das axudas á Subdelegación de Goberno e que pretendía con isto, e se lle pediu tamén ao subdelegado do Goberno que inspeccionase o Pazo dos Deportes *Paco Paz* cando a Deputación o converteu nun centro loxístico, e se é normal que a Administración do Estado poña en marcha a súa maquinaria porque o portavoz socialista pegue un berro e, por último, por que non asinou un escrito pedindo a revisión da legalidade desas axudas e o fixo verbalmente e ás agachadas, pola porta de atrás.

Don José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de DO di que lle sorprende a preocupación do Sr. Rodríguez Villarino coa tramitación das solicitudes de axudas, e se pode quedar alguén fóra, e que en cambio non teña a máis mínima preocupación de que no seu conxunto todo o procedemento poida quedar anulado logo do que poida informar a avogacía do Estado. Subliña ademais que a primeira preocupación non ten sentido, unha vez que se sabe que ninguén va quedar fora das axudas pola tramitación, pero en cambio o preocupante sería que se anulase todo o procedemento se se detectase algunha ilegalidade. Di que ademais o Sr. Rodríguez Villarino non deu ningunha explicación de por que acudiu á

Subdelegación de Gobierno a pedir ese informe xurídico, e cre que a explicación é que buscaba que se detectase algunha ilegalidade e iso levase á anulación de oficio das axudas sen que se soubese quen estaba detrás, pero pasou que o pillaron co carriño dos xeados, e na documentación aparece o seu nome. Cre que o Sr. Rodríguez Villarino cometeu un tremendo erro, e pregúntase que sucederá se a avogacía do Estado ditamina que as axudas son ilegais, e haberá que recoñecerlle entón o seu labor ao Sr. Rodríguez Villarino na reconstrución do castelo da legalidade, deixando tirados aos autónomos da provincia.

Don Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do BNG, lamenta o espectáculo que se está a dar e prega que volva a cordura, porque non hai nada construtivo neste debate, que agarda non se volva a producir nunha boa tempada.

Don Rafael Rodríguez Villarino, portavoz do Grupo Socialista, dille ao portavoz do BNG que isto ten moitas finalidades, e unha dela é a de tapar certas cousas, e unha maneira de tapar certas cousas, ademais que usar a web da Deputación como se fose a web do PP, é facer columnas nos diarios, como unha titulada “*Váíase, Sr. Villarino*”, subscrita por un tal Juan Delfín de Maside, un autónomo segundo semella, que foi na lista do PP nas eleccións de número 7, o que o fai moi crible, igual que crible que un artigo titulado “*Con la comida no se juega*” dun tal Antonio da Lonia, e pregúntalle ao Sr. Presidente se sabe quen é Antonio da Lonia, e di que el tampouco o sabe pero vaino saber, a través dunhas dilixencias preliminares no xulgado, onde espera que lle informen quen é ese señor, esa persoa que di que a el non o quixeron no PP en Coles, e iso só o pode dicir alguén que minte e non ten o valor de poñer o seu nome. Di que se estas axudas son ilegais haberá que artellar os mecanismos necesarios para que ninguén perda nada, pero o goberno provincial debe deixarse de caciquear e darlle axudas a uns autónomos e non aos outros, engade que o Goberno central leva dados 18 millóns de euros nesta provincia aos autónomos, e non llo vendeu a ninguén, deullo a todo o mundo, e pregúntase que sería dos autónomos da provincia se non estivese o Estado, e tiveses que estar esperando pola Deputación, ou esperando polo señor de DO que dixo que que máis da que cobren en xullo, ou agosto, ou setembro, se van ter as mesmas necesidades sempre. E sei isto se demostra que está mal feito, será o goberno provincial o culpable e o que ten que arranxalo. Pídelles que non veñan a tapar nada, porque están descubertos, porque podería estar un pleno monográfico enteiro pedindo a dimisión de tódolos deputados do PP e DO, porque lle sobran argumentos para iso. Di que o seu prestixio e reputación persoal non

depende do que digan o PP e DO, e que el non necesita insultarlles, como si fan con el, chamándoo indigno, anti – Ourense... e engade que deixen de falar en nome de Ourense porque eles non representante a Ourense, represéntanse a si mesmos, como eses alcaldes aos que teñen contratados na Deputación, unha vergoña, e pregúntase como fan o control de asistencia, poñendo como exemplo o que pasa en Cartelle, e onde está o legoeiro que ocupa a alcaldía tódolos días. Di que calumniar ao subdelegado por cumprir a súa función non é digno, e di que non o fixo por escrito, si, non como don Rosendo Fernández, que hai anos foi por escrito contra distintas administracións locais ante a Subdelegación, e que o único que pretende é que se fagan as cousas por vía legal e non se vendan favores a ninguén. Di que lle poden insultar porque lles sae gratis, pero que cando queiran falarán en privado.

Don José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de DO, dille ao Sr. Rodríguez Villarino que o prestixio non se gana con palabras, senón con feitos, e dille que preguntar é unha cousa e facer un requirimento verbal para facer unha revisión da legalidade é outra moi distinta, e hai que medir as consecuencias que isto pode traer. Di que na xunta de portavoces do Concello de Ourense xa puxo en dúbida a existencia de competencias para conceder estas axudas, e agora reclama polo retraso na súa tramitación sen decatarse que esta situación é a que pode estar causando ese retraso. Reitéralle ao portavoz socialista que está a cometer un grande erro, que debería rectificar e polo que debería pedir desculpas.

Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que cre que o Sr. Rodríguez Villarino non o escoitou cando se referiu ao avogado do Estado, e dille que miente como un bellaco cando afirma que damos axudas a uns si e a outros non. Di que o respecto das persoas gáñase con respecto, e que aquí non hai heroes nin *villanos*, e moito menos “villarinos”, e esta historia vai de respecto e dignidade pero ao Sr. Rodríguez Villarino xa non lle queda iso porque está a xogar coa economía e os cartos da xente, algo indigno para calquera e máis para un político. Pídelle ao Sr. Rodríguez Villarino que se vaia, porque é un anti – Ourense, anti – autónomos, anti – comerciantes, anti – provincia e anti – respecto, e de tanto facer oposición estana a facer ás familias e ás persoas, e alguén así non merece estar nin un minuto máis en política, e por iso o reprobaron no seu día e hoxe piden a súa dimisión, que espera que os cidadáns tamén lle pidan doutro xeito.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 8º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 8º](#)

Non se producen máis intervencións e o asunto é sometido a votación, rexistrándose 14 votos a favor (Grupo Popular e de DO) 9 en contra (Grupos Socialista e do BNG) e 1 abstención (Grupo de C's). En consecuencia, o Pleno da Corporación adopta o seguinte acordo:

1º.- Esixir a dimisión como deputado provincial e como concelleiro no Concello de Ourense do portavoz do Grupo Socialista, Rafael Rodríguez Villarino, xa reprobado por este pleno en decembro de 2019, pola súa actitude destrutiva, especialmente contra os autónomos e PEMES da provincia de Ourense.

2º.- Solicitalle ao Goberno de España o cese do subdelegado do goberno en Ourense pola súa falla de transparencia e ocultación de documentación no expediente que cuestiona as axudas a autónomos e PEMES, aprobadas polo pleno desta Deputación Provincial.

3º.- Darlles traslado deste acordo ao presidente do Goberno de España; aos alcaldes e alcaldesas de todos os concellos da provincia de Ourense; ao presidente da FEMP; ao presidente da FEGAMP; aos presidentes/as das confederacións empresariais de España, de Galicia e de Ourense; aos/ás presidentes/as das organizacións de autónomos a nivel nacional, autonómico e provincial; a todas as asociacións empresariais de Ourense, tanto a nivel provincial comarcal, como local de calquera dos 92 concellos de Ourense.

9º.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se presentan.

10º.- DACIÓN DE CONTA DAS SEGUINTE RELACIÓNS DE DECRETOS:

Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno das relacións de decretos do mes de maio de 2020.

Os membros da Corporación quedan informados.

11º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Nesta quenda, formuláronse as seguintes:

Don Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, di que con data 20 de maio de 2020 o Consello de Administración de MEISA aprobou os pregos para a contratación da xestión da estación de Manzaneda, o que foi publicado na web da Deputación nesa mesma data, e as preguntas son as seguintes: primeira, cal é a dirección web oficial de MEISA, e a

dirección do sitio web no que se aloxa o perfil do contratante ao que se fai referencia nese anuncio de prensa sobre o acordado; en segundo lugar, cal será a data prevista de publicación dos pregos e en que lugar se publicarán ou, no caso de terse xa publicada, cal é a dirección exacta do espazo web onde se publicaron;

O **Sr. Presidente**, a modo de resposta, da lectura a un informe do vicesecretario xeral no que se di que MEISA no que en síntese explícase que pola súa composición social MEISA non ten a consideración de organismo dependente desta Deputación nin a de sociedade mercantil local (a ser o socio maioritario a Axencia Turismo de Galicia). Porén do anterior, contactouse co apoderado da empresa, que informou que os pregos publicaranse na plataforma de contratación pública da Xunta de Galicia, www.contratosdegalicia.gal e no perfil do contratante da sociedade, www.manzaneda.com, e que para a solicitude de información habilitáronse distintas canles (por correo postal, mediante un teléfono de atención, no perfil do contratante e por correo electrónico).

Don Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, pregunta en que situación se atopa o proceso de recuperación do diñeiro público estafado a esta Deputación polo hackeo sufrido en novembro de 2019.

O **Sr. Presidente**, a modo de resposta, da lectura a un informe do letrado – xefe da asesoría xurídica da Deputación, no que en síntese se di que o asunto se investiga nas dilixencias previas do procedemento abreviado 1570/2019, que segue en fase de instrución, e que a causa foi declarada complexa, estendendo a súa duración ata o 7 de maio de 2021. Di tamén que por auto do xulgado rexeitouse o sobresemento provisional solicitado polo único investigado, e que o importe do defraudado é de 169.999,24 euros, dos que xa se recuperaron 69.402,52 euros, a través das diferentes dilixencias de embargo practicadas, existindo dilixencias pendentes, en concreto una orde europea de embargo referida a dúas contas bancarias en Estonia, estando pendente de tradución oficial os escritos de resposta das autoridades estonias. Tamén se acordou a remisión dos equipos informáticos afectados ao grupo pertinente da policía nacional, autorizándose a entrega á Deputación dunha copia dos discos duros e pen drives intervidos na sede provincial. É canto cabe informar, tendo en conta o carácter reservado e secreto da instrución, conforme ao previsto na Lei de axuízamento criminal.

Dona Montserrat Lama Novoa, do Grupo de Ciudadanos, cre que o día de hoxe, por desgraza, será o derradeiro pleno no que participe o actual secretario da Deputación, e

quere facer público o seu recoñecemento ao seu labor, pois non pode ter máis que boas palabras e agradecemento polo seu traballo, compromiso e disposición a informar en todo aquilo que se lle pide. Di que se aleda moitísimo, por el e polo Concello de Ourense, que gañará un gran xestor que permitirá ao grupo de goberno municipal sacar adiante aqueles proxectos polos que os veciños de Ourense levan anos esperando.

Don Bernardo Varela López, do Grupo do BNG, di que se. Efectivamente, este é o seu derradeiro pleno, deséxalle o mellor ao señor secretario, porque vai para unha praza difícil de tourear, e esperemos que leve moitas habilidades. Di que ten unha pregunta e un rogo que formular. A pregunta é relativa a unhas axudas que se aprobaron no seu momento, para parados e traballadores en ERTE, que dende o BNG xa advertiron que eran moi escasas, e a verdade é que non se volveu ter coñecemento da situación desa partida, se é que se van convocar ou van decaer ou en que situación están.

O **Sr. Presidente** di que en principio todo o que se aprobou en pleno está en marcha e que requirirá un informe técnico para coñecer o estado en que se atopa ese asunto e remitirse aos grupos.

Don Bernardo Varela López, do Grupo do BNG fai referencia á contratación nº 39/16/2020, relativa á iluminación do Pazo Provincial, e di que, en primeiro lugar, hai un erro porque nos pregos e na documentación aparece sempre a referencia ao “ayuntamiento de Ourense” (debería ser ao municipio), pero sobre todo, e en segundo lugar, o anuncio de licitación publicouse o 2 de xuño e o prazo remataba o 3 de xuño, convidándose a unha única empresa, e no propio informe do Sr. Vicesecretario recoméndase de forma expresa que estas contratacións se fagan abertas ao maior número de licitadores, e a partir de aí cre ademais que un contrato deste tipo non ten moito sentido nos tempos que estamos a padecer, porque estamos a falar dun espazo de 165 m² en total, no que se van gastar 40.690,39 euros, mediante contrato menor, cun custe de 300 euros por cada foco. Cre que o PP ten sido moi crítico noutras ocasións con outros gobernos por cousas moito menos impactantes, e cre que isto o poderíamos ter aforrado, porque aquí todos vemos perfectamente, e cre que non ha lugar a isto en plena pandemia, onde debe imperar a prudencia, cando dende o grupo de goberno se nos di que non hai fondos para necesidades sociais urxentes e para axuda dos concellos. Prega que para posteriores gastos deste tipo se tomen en consideración estas circunstancias, porque se lle preguntamos aos cidadáns se consideran necesario gastar máis de 40.000 euros en remudar a iluminación deste salón, maiormente nos dirán que non.

Dona Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista, di que acaba de saber que este será o derradeiro pleno do señor secretario, e deséxalle todo o mellor, agradecéndolle o seu traballo, o tempo invertido e todo o que leva feito. Formula un rogo á Presidencia para que haxa coherencia non desenvolvemento da sesión plenaria, e que non se volva facer un receso de quince minutos como o solicitado pola voceira de Ciudadanos, porque isto fainos un fraco favor ás mulleres, porque estar embarazada non significa estar enferma, e así tamén se evitaría que esta señora nos contase esa telenovela de ficción de nos contou hoxe e que ningún dos presentes creu.

O **Sr. Presidente** di que cre que a coherencia é máxima, e que calquera deputado ten todo o dereito do mundo a facer esa petición, do mesmo xeito que na Xunta de Portavoces tódolos grupos estaban de acordo no formato da sesión plenaria agás o voceiro do Grupo Socialista, cuxa petición foi atendida.

Dona Montserrat Lama Novoa, do Grupo de Ciudadanos, intervén por alusións, e di que na Xunta de Portavoces pediu que o pleno se realizase en formato reducido, ao ser ela persoa de risco segundo o Ministerio do Goberno do PSOE por estar embarazada. Di que o discurso que acaba de facer a Sra. Rodríguez Delgado faille un fraco favor á súa persoa, pero non como política, senón como muller e como compañeira. Di que vai seguir pedindo eses quince minutos, non so pola súa filla que leva no seu interior senón tamén porque todos necesitamos aire puro. Pide que se lle expliquen á Sra. Rodríguez Delgado as normas que ditou o seu propio Goberno, porque antes recriminoulle que se quitara a máscara de cara, cando estando a máis de 1,5 metros de distancia é innecesaria, e en todo caso, se ela está hoxe aquí é porque o seu portavoz así o decidiu co criterio en contra do resto dos grupos, e cre que iso demostra o seu baixo nivel político e persoal.

Don José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista, prégalle ao Sr. Presidente que non permita que uns deputados agravien de palabra a outros, porque el sintese agraviado pola palabras da Sra. Lama Nóvoa, polo pídelle que faga que retire o que dixo sobre a súa persoa porque non é certo, e se a Sra. Lama Nóvoa non quere que lle dirixa a palabra, que foi o que fixo, non o fará, pero non vai consentir que minta dicindo que a increpou e a insultou, porque iso é falso, e se a Presidencia non o ampara terá que tomar medidas legais pola súa conta, advertindo que non é a primeira vez que isto acontece contra a súa persoa, e tamén ten sucedido con expresións da Sra. Lama referidas ao Sr. Álvarez Dobaño. Insiste na súa petición, e advirte que senón se lle ampara, demostrará como xente da familia da Sra. Lama si o insultou a el e ten testemuñas deas situación.

O **Sr. Presidente** di que a cuestión da que está a falar non se produciu dentro do salón de sesións, que é onde a el lle corresponde manter a orde.

O **Sr. Gómez Pérez** insiste en que se investigue esa situación, porque ten sucedido máis veces.

Dona Montserrat Lama Novoa di que non vai retirar, senón reiterar a palabra acosar, que significa insistir a unha persoa en algo que resulta molesto para esa persoa, iso é o que significa. Di que o Sr. Gómez Pérez dirixiuse a ela politicamente, non persoalmente, e con cousas do pasado que nada teñen que ver co que se está a falar no pleno de hoxe, e di que o seu trato persoal se limita á cortesía e pouco máis. Di que non o vai retirar, e que o reiterará as veces que lle dea a gana, porque é a verdade.

Don Rafael Rodríguez Villarino, do Grupo Socialista, di que quere felicitar tamén ao señor secretario polo seu nomeamento como coordinador xeral do Concello, procedemento que non sabía que estivese resolto, e alédase de que vaia para o concello, advertíndolle que vai dun lugar difícil para outro que non é doado. Formula un rogo a tódolos deputados para que non se traian disputas persoais aos plenos, e di que el foi testemuña do sucedido e non viu ningún acto de acoso, aínda que as percepcións subxectivas son libre e a da Sra. Lama seguramente sexa outra; pero en todo caso cre que sobran esas alusión do tipo “se eu falara do que eu sei de vostede...” dignifica moi pouco aos que estamos aquí, e se alguén do seu grupo fai iso algunha vez pide que llo fagan saber.

Don José Miguel Caride Domínguez, de DO, di que tamén quere felicitar ao señor secretario polo seu nomeamento, do que tamén acaba de ter noticia, pero en todo caso é posible que sexa nomeado coordinador xeral do concello, malia que aínda non sexa definitivo, e polo tanto é probable que este sexa o seu derradeiro pleno, e el chegou aquí hai un ano como deputado novato e o señor secretario axudoulle moito nese senso, e ademais quedará como o gran redactor dos diarios de sesións, porque vaia traballo fai coas actas.

Don Plácido Álvarez Dobaño, do Grupo Popular, súmase aos parabéns ao señor secretario, que para el é ademais un compañeiro de profesión e sabe do aprecio e respecto que se teñen mutuamente; cre a que Deputación perde un grandísimo técnico e o concello gáñao, e deséxalle sorte no seu novo destino.

Don José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista, quere tamén agradecer ao señor secretario o traballo realizado, no que nunca coincidiron porque un asiste ao goberno e outro estivo sempre na oposición, e deséxalle sorte no seu destino, aínda que teme que é probable que

máis pronto que tarde estea de volta, pero oxalá non sexan certas as súas predicións e lle vaia ben.

O **Sr. Presidente** dálle a palabra ao señor secretario, que non sabe se se decatou tamén de que este é o seu derradeiro pleno.

O **señor secretario** di que o de que sexa o seu derradeiro pleno é só algo probable, porque presentouse a un procedemento de libre designación cuxa resolución non debería demorarse moito no tempo. Agradece as palabras dos señores deputados, en particular os eloxios á redacción das actas formulados polo Sr. Caride, porque en dezaseis anos que leva como secretario é a primeira vez que se menciona, e certamente a redacción das actas é un traballo moi arduo, do que el mesmo se ten queixado ás veces, malia que non porque non lle guste redactalas, senón porque ten outras moitas tarefas que realizar e a redacción das actas consume moito tempo; pero a redacción das actas forma parte do núcleo do labor da secretaría, na súa dimensión de prestación de fe pública, e de antigo aos secretario chamábaselles escribáns, que é o que son, comentando que soe dicir de si mesmo que de adolescente soñaba con ser escritor e quedou en escribán, que tampouco é mala cousa. E ademais as actas son documentos históricos, e sen que pareza unha petulancia, sempre haberá alguén que as vaia ler dentro de douscentos anos, algún bolseiro, algún doutorando que vai facer algún estudo, e haberá que deixarlle a documentación ben preparada. Reitera o agradecemento aos señores deputados e deputadas polas súas palabras, que mesmo conseguiron que se ruborizase, e dille ao Sr. Gómez Pérez que o que suceda, sucederá, e que o futuro está aberto.

Rematada a intervención do señor secretario, prodúcese un breve aplauso unánime dos integrantes da Corporación.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 11º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 11º](#)

E, ás 14 horas e 22 minutos do citado día 26 de xuño de 2020, o Sr. presidente deu por rematada a devandita sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará de xeito electrónico. Dou fe.

